

## foz

O Concello leva a cabo un proxecto de dinamización turística. **Pax. 6**

## viveiro

A oficina de Turismo instala unha pantalla de grandes dimensións. **Pax. 10**

## burela

Falamos co alcalde, Alfredo Llano, sobre o presente e futuro do Concello. **Pax. 15**

## ourol

A localidade presenta a nova sinalización turística do legado indiano local. **Pax. 17**

## xove

Remata a obra de mellora do vial que une Canelas e Portocelo coa LU-2601. **Pax. 18**

## Volven as grandes citas festivas de agosto



**foz.** Dous días de concertos para a Festa Normanda, que será do 25 ao 28.

**viveiro.** Lista a programación das festas patronais, que por primeira vez terán un pregoeiro.

**burela.** Volve a XXXVI Feira do Bonito e Produart os días 6 e 7.

## Del Riego será o protagonista das Letras Galegas

A Real Academia Galega dedicarlle a festa do ano 2023 ao escritor laurentino. **Pax. 25**

## A Deputación fai balance do seu mandato

Dende o 2019 teñen un proxecto claro e definido por catro liñas de actuación prioritarias. **Pax. 27**

## Pescadores bureleses piden reabrir o porto


O colectivo manifestou unha serie de requerimentos a Portos para chegar a un acordo. **Pax. 31**

## Volve a Maruxaina



Cervo celebrará a XXXV Festa da Maruxaina o sábado 13 de agosto. **Pax. 20**

## Citas lúdicas de Barreiros



Agosto acolle a Festa do Ovo Frito, a Holi Wave e os Retroclásicos. **Pax. 21**

## Verán en Lourenzá



Lourenzá acollerá durante o verán diferentes actividades e festas. **Pax.25**

**Veciños de A Mariña!**  
**A mega Fibra chegou con 3 meses de Netflix de agasallo**

**(Se xa tes Netflix, engádeo á túa conta e afórrate 3 meses)**

Chama gratis ao  
**900 651 679**

[www.adamo.es](http://www.adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

**A mega fibra**

Só Adamo instálache eero 6 coa última tecnoloxía Wi-fi 6 sen custo adicional

**eero**  
an amazon company



# A MARIÑA

## A UNED abre o prazo de matriculación para o próximo curso

Dous novos Graos e dous novos Másteres oficiais inclúense na oferta académica da UNED para este curso, cuxo prazo de matrícula está xa aberto até o 21 de outubro. O proceso de matriculación da UNED realízase totalmente online, e os estudos cúrsanse a través dunha metodoloxía online e semipresencial nova, única en España e líder no seu sector. Tamén queda aberta a matriculación para o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 e 45 anos.

Matricularse nun curso na UNED supón converterse no protagonista da propia aprendizaxe, así como entrar á universidade pública máis grande de España, tanto en número de estudantes como en oferta académica. Tamén supón estudar no maior campus de Europa. Máis de 200.000 estudantes confían cada ano na UNED e gozan dun sistema de aprendizaxe innovadora que combina docencia online e acompañamento presencial soportado por unha plataforma tecnolóxica en constante evolución que permite ofrecer un modelo flexible e adaptado ás necesidades individuais de cada un dos seus alumnos.

Os prazos de matriculación da UNED xa están abertos para os Graos, Graos combinados, Másteres, Microtítulos e o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 y 45 anos do novo curso académico. Para realizar o proceso de matrícula, totalmente online, necesítase crear un usuario e contrasinal de acceso ao Campus UNED que se pode obter por primeira vez desde o Sistema de Obtención do Identificador. Os antigos estudantes da UNED poderán recuperar os seus contrasinais e usuarios aquí.

## Foz, Cervo e Viveiro contarán con alugueiro para as audioguías



Os concellos de Foz, Cervo e Viveiro contarán co servizo de aluguer de auriculares para as súas audioguías ficcionadas que se unen aos de Alfoz, Lourenzán, Ribadeo e Mondoñedo. Ata finais de setembro será gratuito coa finalidade de que cada vez mais xente coñeza este turismo cultural, pioneiro en España.

O pasado mes de abril a Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense presentaba no Cinema dúas novas audioguías ficcionadas para Foz e Sargadelos, en Cervo, mais as traducións ao castelán das de Alfoz e Lourenzán, que se uniron ás impulsadas para Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro. Trátase dun proxecto polo que este ente leva apostando desde o ano 2018 coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e Turismo de Galicia da Xunta.

Dentro do Plan de Sostibilidade Turística na Mariña Lucense 2022 – 2024, co financiado pola Mancomunidade, a Xunta de Galicia e a Secretaría de Estado de Turismo, e que conta cunha liña específica

para a consolidación deste produto, o ente xestor do xeodestino adquiriu unha serie de auriculares e material reprodutor para a posta en marcha do servizo de aluguer nos concellos con audioguía que faltaban: Foz, Cervo e Viveiro. Así mesmo, estase traballando na tradución ao castelán, inglés e francés para dispoñer destas versións en cada caso, co obxectivo de ampliar o público que poida ter acceso a este produto ao longo do ano, que busca poñer en valor a historia local.

O presidente da Mancomunidade, Fran Cajoto, lembrou que “estas audioguías son unha iniciativa de turismo cultural pioneira en España, deseñadas e elaboradas polo Grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro no ano 2014, resultado dun coidado proceso de documentación por parte deste equipo, identifícanse sucesos, personaxes e lugares con nome propio que serven para transmitir a idiosincrasia e esencia de cada un dos municipios.

## O Festival Mundial do Ilusionismo levará a maxia pola comarca

O Festival Mundial do Ilusionismo Galicia Ilusiona percorrerá 17 concellos lucenses ata o 3 de setembro, con outras tantas actuacións de recoñecidos magos e magas. Da man do Xacobeo 21-22, a Xunta de Galicia levará por toda a provincia distintos espectáculos de maxia de preto, extrema, maxia na rúa, solidaria e unha gran gala, coa presenza de sete dos mellores magos e magas a nivel mundial.

A gran gala máxica internacional será un dos pratos fortes deste festival, que en Lugo terá lugar o 3 de setembro no auditorio Gustavo Freire e que contará coa presenza de sete dos mellores magos e magas do panorama internacional, encargados de traer ata Lugo actuacións de maxia de preto, escapismo, maxia de gran formato, telequinés, mentalismo, poesía máxica ou ilusionismo infantil. A gran gala máxica será o único espectáculo deste festival para o que se precise entrada, aínda que o custo é reducido, cun prezo único de 12 euros, para as entradas que xa están á venda en [www.galiciailusiona.es](http://www.galiciailusiona.es).

Ademais de na cidade de Lugo, Galicia Ilusiona levará a maxia ata outros 16 concellos nos que actuarán algúns dos mellores ilusionistas actuais como o Mago Teto, Nacho Samena, Patri Zener e Roberto Lolo. Todos eles levarán a súa maxia ata Burela,



### ACTUACIÓNS

- 3 de agosto ás 18.30 horas nos xardíns Noriega Varela de **Viveiro**.
- 3 de agosto ás 21.00 horas na Praza dos Campos de **San Cibrao**.
- 9 de agosto ás 12.00 horas no Campo de San Francisco de **Ribadeo**.
- 9 de agosto ás 19.00 horas no parque de Rosalía de Castro de **Foz**.
- 9 de agosto ás 21.30 horas na Praza da Mariña de **Burela**.

Chantada, Cervo, Castro de Rei, Foz, Cospeito, Guitiriz, Friol, Monforte de Lemos, Sober, Outeiro de Rei, Monterroso, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Todos estes concellos acollerán espectáculos de balde de maxia na rúa.



# Tomé marca como obxectivos consolidar e gañar alcaldías

O PSdeG na provincia o proceso de renovación dos órganos do partido coa constitución do Comité Provincial, no que o Secretario Xeral, José Tomé Roca, marcou uns "obxectivos realistas e ambiciosos", de cara ás eleccións municipais do 2023.

O líder socialista incidiu na súa intervención diante dos militantes que estes obxectivos, "pasan por acadar representación municipal en tódolos concellos da provincia, manter e reforzar as alcaldías actuais, sumar outras novas, manter e mellorar os resultados onde o partido non goberna e asegurar a continuidade dun Goberno de esquerdas e presidido por socialistas na Deputación".

Para iso, explicou, está desenvolvendo un traballo estratéxico, planificado, coordinado, en equipo, en todos os concellos e partidos xudiciais, sobre o terreo, nas agrupacións, nos concellos, co tecido asociativo, para informar e para ser informados, ata chegar a maio de 2023 nas mellores condición e acadar os mellores resultados.

O Secretario Xeral puxo en valor as medidas do Goberno de Pedro Sánchez, para transformar a economía e protexer a maioría social, nuns tempos realmente difíciles, primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Putin. "Nada nos pode ser indiferente aos socialistas, estamos obrigados a tomar decisións, valentes e ambiciosas. Sabemos ben quen somos e que queremos, por iso coma sempre, as nosas prioridades son os traballadores e as clases sociais mais desfavorecidas".

Nestes intres, o Goberno de Pedro Sánchez está gobernando para superar esta situación, e ao mesmo tempo para transformar a economía e protexer a maioría social do país. "E faino a través de medidas como



as bonificacións de combustibles ou a rebaixa do IVE no consumo eléctrico, ou a recuperación do poder adquisitivo das pensións, coa suba dun 15% para as non contributivas, e a subida do Ingreso Mínimo Vital. E tamén coas axudas aos autónomos, parados, gandeiros, agricultores así como para os sectores da pesca ou o transporte".

Ademais diso, "aprobamos un novo imposto para as entidades bancarias e as grandes empresas enerxéticas. Becas complementarias, medidas para a limitación nos alugueres. E promovemos a reforma laboral a pesar da crise económica e enerxética para a creación e o mantemento do emprego, con iniciativas como a suba histórica no Salario Mínimo Interprofesional que pasou do 775 euros co PP, aos 1.000 euros actuais".

O Secretario Xeral na provincia aludiu ao traballo que se está impulsando dende a Deputación de Lugo para responder ás necesidades da provincia. "Unha política de feitos e realidades afastadas dos xestos populistas do PP. Por unha banda, recuperamos a normalidade institucional, e estamos traballando cun bo ritmo de traballo elevadp e constante".

**AS POLÍTICAS SOCIAIS.** Remarcou que as políticas sociais son as prioritarias na súa folla de ruta "ás que lles adicamos máis dun tercio do orzamento. Outra clave segue sendo a cooperación cos concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos, así como o apoio incondicional aos sectores produtivos da nosa provincia. E sen esquecer mellorar as nosas vías de comunicación, que son un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación e dinamizar a economía e o emprego e facer competitivo ao territorio". Tomé Roca acusou ao PP de non ter nin unha soa idea para a provincia.

**REPRESENTANTES COMARCAIS.** No que atinxe ás cuestións orgánicas xa están elixidos os novos representantes comarcais. Marta Rey é a nova coordinadora na Mariña; Miguel Ángel Crende en Lugo; Rafael García no Suroeste; Iván Castro na comarca de Sarria; José Luís Losada en Monforte de Lemos; na Comarca da Terra Chá, Constantino García e na Montaña con José Ángel Fernández Carrin. Con estes nomeamentos, o PSdeG afronta unha nova etapa na que seguiremos traballando e defendendo os nosos concellos, tanto no Goberno como na oposición.

# O Festival Bal y Gay presenta a novena edición



A novena edición do Festival Bal y Gay presentou o seu programa para este ano, nunha cita que conta cunha achega económica de 12.000€ como referente cultural e turístico na provincia. A programación celebrarase do 12 ao 24 de agosto en oito concellos da Mariña.

Pilar García Porto puxo en valor este evento musical que "xa é unha cita fundamental na oferta turística da provincia de Lugo". "Polas súas características e pola súa itinerancia por distintos concellos, ten capacidade para atraer un turismo cultural que está plenamente integrado no modelo que impulsamos dende a Deputación: de calidade, sostible, de experiencias e que pon en valor o noso patrimonio".

A novena edición do festival, Música á beira do mar, contará cunha programación máis ampla de concertos, obradoiros e actividades para toda a familia que o ano pasado e percorrerá os concellos de Viveiro, Foz, Lourenzá, Cervo, Mondoñedo, Ribadeo, Barreiros e A Pontenova.

**O PROGRAMA.** O 12 de agosto, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro, a Real Filarmonía inaugurará con obras de Xosé Bal y Gay e Beethoven a novena edición deste festival. Ao día seguinte será o Cuarteto Armida o que

poña música no Pazo do Conde Fontao a través das pezas de Bach, Nikodijevic e Mozart. A Igrexa de Santiago de Foz acollerá o 14 de agosto o concerto do contratenor, Carlos Mena, e o 17 de agosto será o Dúo del Valle o que faga soar a Mozart e Schubert na Fábrica de Sargadelos, de Cervo. Andreas Prittowitz soará na Finca A Goleta o 18 de agosto.

A pianista Elisabeth Leonskaja interpretará tres sonatas de Beethoven no Auditorio Hernán Naval, de Ribadeo, o día 21. Mondoñedo acollerá, no auditorio Pascual Veiga, o concerto do violonchelista Pablo Ferrández, que acaba de ser galardoado co Opus Klassik Award ao novo Artista do Ano, tras a publicación do seu primeiro álbum. O Cuarteto Quiroga volverá soar nesta cita musical o día 23 de agosto na Basílica de San Martiño de Mondoñedo, en Foz, e será a Orquestra Sinfónica de Galicia, con Lucas Macías como director e Serena Saenz de soprano, os que pechen este programa musical na Catedral de Mondoñedo o día 24 de agosto.

Esta edición conta con tres concertos extraordinarios, dous da man de Títeres Etcétera dirixidos ao público infantil, en Ribadeo e Foz o 15 e 16 de agosto, e Skirion, o 19 de agosto, en Barreiros e Vilanova de Lourenzá.

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

**almayer**  
muebles

## O ciclo de teatro profesional comeza este mes con 47 sesións de once compañías

O circuío de teatro profesional promovido pola área de Cultura da Deputación inclúe este ano 47 representacións de once compañías por toda a provincia. Trécola, Mircromina Teatro, Lílâ Teatro, Ubú Teatro, Producións Señor López, Xamón Produción, Ítaca Teatro, Pínconús, Batega, Teatro Baixo da Area e A Compañía Solitaria do Dr. Monifate xirarán desde este mes de agosto ata decembro con propostas escénicas para distintos públicos, desde teatro de títeres para público novo ata montaxe con gran peso do baile tradicional e da música en directo na escena ata adaptacións teatrais de textos literarios como Poeta en Nova York.

Na presentación do circuío, Maite Ferreiro, sinalou que coa reedición deste ciclo "a Vicepresidencia da Deputación de Lugo

mantén o apoio á rede de compañías profesionais da provincia, poñendo en marcha unha programación concreta que lles permite rendibilizar o seu traballo creativo, e contribuíndo, no medio prazo, a consolidar un público para o teatro e as artes escénicas en todas as comarcas". Neste sentido, remarcou "a importancia de facilitar o acceso a propostas culturais de calidade en todo o territorio, de man de concellos e asociacións que precisan este tipo de colaboracións e iniciativas para ampliar as súas programacións culturais".

O calendario, confeccionado coa colaboración de concellos e asociacións, inclúe representacións en varios concellos da Mariña luguesa, como os de Ribadeo, O Vicedo, Burela, Alfoz, O Valadouro, Foz, Xove, Viveiro, e Lourenzá.

## Adamo expandiuse por máis da metade dos concellos de Lugo

Máis da metade dos concellos de Lugo recibiron fibra óptica ao longo do últimos catro anos e medio. En concreto, 35 dos 67 municipios da provincia pasaron a gozar desta tecnoloxía da man de Adamo entre 2018 e mediados de 2022. Por citar algúns exemplos, o operador de telecomunicacións ten a súa infraestrutura funcionando en Pol, Castro de Rei, A Pastoriza, A Fonsagrada, Alfoz, Begonte, Cervó, Xove, Barreiros, Lourenzá, O Valadouro ou Foz, entre outros.

En total, a compañía levou o sinal da internet máis veloz que existe hoxe no mercado (1.000 Mb) a máis de 70.000 vivendas deses 35 concellos lucenses no citado período. Para sufragar tan enormes traballos, Adamo investiu 20 millóns de euros na provincia (fronte aos 5,8 millóns que recibiu en subvencións para expandir a fibra), así como fixo posible a contratación de 300 traballadores locais nos seguintes ámbitos: enxeñaría, despregamento, mantemento



e comercialización.

Sobre estes datos trataron o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, a subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, e David Llano, responsable de Adamo en Galicia, quen lles deu detalles sobre o novo equipamento e das operacións previstas para o terceiro e o cuarto trimestre. Por exemplo, o comezo das obras para despregar Internet ultrarrápido noutros 7 concellos lucen-

ses: Abadín, Castroverde, Chantada, Friol, Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pontenova e Riotorto.

Aínda que o desenvolvemento logrado ata o momento é dunha magnitude considerable, aínda hai máis, xa que Adamo proporcionará Internet de alta velocidade a outros 10.000 fogares da provincia de Lugo para sumar un total próximo aos 80.000 domicilios conectados antes de que conclúa 2022.

## A fábrica de alúmina de Alcoa reducirá a súa produción por mor da suba no gas natural

O presidente do comité de empresa de Alcoa San Cibrao, José Antonio Zan, informou que este a fábrica de alúmina comezou con reducións nos seus niveis de produción dende o pasado luns 1 de agosto. Estas reducións servirán para mitigar as perdas provocadas pola subida no gas natural.

A factoría irá diminuíndo a súa produción durante os vindeiros dous meses ata chegar a un 50

e 60 por cento dos 1,6 millóns de toneladas da súa capacidade anual. Este reaxuste inclúe o 15% anunciado a principios de mes de xullo.

"O plan de produción non afectará aos postos de traballo nin aos clientes, nin ao transporte, nin ao suministro", dixo Zan no seu comunicado. A factoría aproveitará esta redución para realizar traballos de mantemento.

## Pistas deportivas para os colexios

En 12 concellos da provincia implantaranse 12 polos creativos e 12 pistas multideporte que estrearán o vindeiro curso. No caso das pistas multideporte, a provincia recibiu achegas por case 800.000 euros (778.700 euros) a 12 concellos para a dotación e mellora destas instalacións en centros educativos dos seus respectivos termos municipais.

Así, ao abeiro desta convocatoria de axudas contarán este tipo de instalacións para a práctica de varios deportes os CEIP Concepción López Rei de Baleira; Virxe do Corpiño de Begonte; CEIP Lagostelle de Guitiriz;



Rosalía de Castro de Pol; Rosalía de Castro de Bóveda; Santa María do Valadouro; O Cantel de Foz; Celso Currás de Trabada; CEIP do Corgo; Ricardo Gasset do Incio; CEIP do Pá-

ramo e CEIP de Palas de Rei. É a primeira acción deste tipo que se pon en marcha en Galicia e as infraestruturas serán para uso conxunto entre centro e a cidadanía.

Castillo Salt Damiana  
Chisqueta Novas S.L.

Bebe con moderación.  
Es tu responsabilidad 14,5%

Arnao Vermut

Instagram Facebook

Dompiñor, 12  
27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com

HOMBRE MUJER NIÑOS  
Servicio a domicilio  
Horario mañanas:  
9:30 a 13:30  
Tardes: 16:00 a 20:00  
Tel.: 663 536 651  
C/ Federico García  
Lorca, 2 Foz

AISHA  
PELUQUERIA BARBERSHOP

## NOVAS

foz

## A Policía Local vixía a velocidade este verán cun vehículo da DGT

A Policía Local de Foz controla a velocidade nas rúas este verán cun vehículo cedido pola DGT. O alcalde, Fran Cajoto, explicou: “grazas á cesión da Dirección General de Tráfico contamos cun vehículo co que estamos a controlar a velocidade nas nosas rúas. O obxectivo non é sancionar senón calmar o tráfico e que precisamente nos momentos nos que xa contamos con gran afluencia de visitantes non se produzan riscos de atropelo e que o pobo funcione con normalidade. Por iso o vehículo é moi visible, o radar irá debidamente sinalizado e pedimos a maior das precaucións: coidadiño ao volante, especialmente en presenza ou en proximidade á parques e outras zonas onde pode haber nenos”. O rexedor municipal engade que “precisamente agora, cando máis xente hai na vila, é cando temos que extremar as precaucións: non usar o móbil ao volante, ir coa vista pendente das nosas estradas,... Para gozar dun verán tranquilo debemos evitar sustos e así agradecerémolo todas e todos”.

## Horizonte 2030 guiará a Foz no desenvolvemento sostible

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro de Relacións Institucionais, Comunicación e Axenda 2030, Carlos García, presentan o informe Horizonte 2030 co obxectivo de que o municipio teña un desenvolvemento sostible e responsable.

Carlos García explica que “o goberno acaba de cumprir tres anos dende a súa investidura, aló en xuño do ano 2019. A principios do ano 2020, tendo en mente un problema que ten que ver co actual modelo de desenvolvemento e que estamos a sufrir nas nosas sociedades presentamos a moción denominada Iniciativa polo futuro, na cal acordamos a divulgación e promoción da Axenda 2030 como instrumento fático para atraer ás xentes cara á concienciación dos problemas globais que nos afectan día a día coa incerteza do actual modelo de desenvolvemento. Dita moción foi aprobada por unanimidade pola corporación municipal, nunha mostra de sensibilidade, responsabilidade e compromiso coas



xeracións vindeiras”.

O concelleiro destaca que “logo de dous anos de traballo intenso con doutores universitarios de ramas multidisciplinares, tanto de datística como de ciencias da terra ou economistas, presentamos o informe Horizonte 2030 para Foz. Un documento no que intentamos plasmar como se aliñan as iniciativas políticas do noso concello coa Axenda 2030, é dicir, co desenvolvemento sostible. Cremos

que os froitos son un traballo moi interesante, que pode sentar un precedente a nivel municipal e de alta replicabilidade noutros concellos. Quero recordar que esta iniciativa foi distinguida cun accésit de 6.000 euros polo Laboratorio ODS Nacional da UNED. Basicamente estamos falando dun informe que incardina a administración municipal como base fundamental de acción a prol do desenvolvemento sostible”.

Carlos García especifica que “dentro deste informe irán 5 píldoras audiovisuais, nas que se mostran aos actores políticos do Concello de Foz, dende as súas diversas áreas de concellería, como aliñan as súas accións políticas cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030”. O concelleiro responsable da Axenda 2030 en Foz engade: “o que pretendemos con isto é mostrar os problemas que podemos chegar a ter se non adoptamos unhas directrices de desenvolvemento máis responsables coas xeracións vindeiras”.

## EN BREVE

**NOITES DE VERÁN.** Foz conta cunha ampla programación para as noites de verán para os mozos maiores de 10 anos. Aínda que xa arrincaron con fútbol praia e volei praia, o 16, 17 e 18 seguirán con baloncesto, e xa por último o 23, 24 e 25 fútbol sala e kicboxing. Serán ou na Rapadoira ou no Campo da Cabana ás 22.00 horas.

**PANCEPARTY.** A Peña Eche o que hai prepara para o sábado 20 de agosto a súa segunda Panceparty no Campo da Cabana a partir das 20.00 horas. Poderase degustar unha ración de panceta con chourizo ou langostinos, pan, auga, viño e con cada unha regalarase unha rifa para o sorteo da noite. Haberá sesión vermú desde as 13.00 horas e actuará un DJ.

**MARZÁN.** A asociación O Torques de Marzán celebrará a súa festa o 13 de agosto na explanada do pavillón de deportes a partir das 20.00 horas cunha cea a base de churrasco, empanada, chourizo, pan, viño e refrescos, que darán paso á gran queimada das 00.00 horas, e se os astros on propicios contarán coa presenza do Druida do Cu do Castro. Estarán o dúo Epo-k e unha disco móbil.

**COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO**

**982 55 86 00**

**ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL**

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**Hijos de Ramón Rubal**

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

## O Concello focense retomou as obras do Bar dos Xubilados



Retomáronse as obras do Bar dos Xubilados, despois de distintos atrancos e da necesidade de reformular o sistema eléctrico para independizalo do resto do edificio.

A concelleira de Asuntos Sociais, Ana Rojo, móstrase satisfeita polo reinicio duns traballos adxudicados en setembro do ano 2021: “temos unha demora de varios meses, pero procuramos facer as cousas ben e houbo que reformular o sistema eléctrico do local. O resultado vai ser moi positivo para o colectivo

dos xubilados de Foz, que perderon na anterior lexislatura unha cafetería deseñada para eles no goberno de Rivera”, explica Ana Rojo.

O alcalde, Fran Cajoto, pide desculpas polas demoras na obra pero “traballamos para axilizar todo o máximo posible, xa estamos tamén coa adquisición do mobiliario básico e na confección da decoración final. Queremos abrillo o antes posible para que o colectivo de maiores poida volver a ter o seu local de referencia.”.

## Foz leva a cabo un proxecto de dinamización turística

O Concello de Foz está levando a cabo un proxecto de dinamización turística e integración territorial que inclúe mapas guía das rutas de sendeirismo.

O concelleiro de Turismo, Chema Linares, explica que se trata dun “proxecto de dinamización turística e integración territorial en aras de crear novas sinerxias espaciais que integren o litoral coas zonas de interior. Este proxecto queda enmarcado dentro da aposta incondicional polas novas tecnoloxías axuntado co desexo de xerar un coñecemento transversal e local de posta en valor dos activos rexionais. É unha visión cuxo obxectivo é fomentar a vertebración e cohesión do territorio favorecendo vectores de desenvolvemento locais. Dito vector de traballo derivou na creación dun meta-repositorio de recursos e activos turísticos ao obxecto de recompilar, almacenar, xestionar e elaborar material para a

súa difusión local e nacional. Entre os produtos xerados cabe destacar mapas-guía de rutas locais; perfís nas plataformas principais do sector (Google Maps, Wikiloc e Avenza Maps); recursos multimedia en 360 graos e formatos de alta resolución (8k raw/50Mpx); transferencia e dixitalización da información dispoñible nos paneis informativos; localización e inventariado de elementos patrimoniais”.

Linares engade que “o primeiro paso deste proxecto foi a dixitalización, deseño e cartografía das rutas de sendeirismo que temos en Foz: ruta da Frouxeira e Cornería, ruta das praias, sendeiro azul, a do río Ouro, Paseo de Malates, o camiño natural do Cantábrico e o de San Rosendo”. A empresa mapsforexplorers foi a encargada de realizar o traballo de cartografía, deseño e dixitalización de toda a información relativa ás rutas de sendeirismo. Estas foron dese-

ñadas “co obxecto de poñer en alza a gran diversidade de recursos históricos, sociais, culturais e paisaxísticos do concello, imbricando fitos xeográficos, históricos e etnográficos. No relativo ao deseño das mesmas tívose en especial consideración a creación de rutas específicas para cada perfil de usuario favorecendo a diversidade en variables tales como esforzo, accesibilidade ou dificultade técnica”, especifica o edil de Turismo, quen tamén indica que “en primeiro lugar redefiníronse algunhas das rutas, por exemplo a das praias, de tal forma que onde antes cruzábase a estrada nacional agora pásase a través dun túnel por debaixo da mesma ao rematar o paseo de Arealonga”. Realizouse un mapa con todas as rutas existentes identificadas por cores e reflectindo os tramos compartidos, os recursos turísticos, puntos de interese, lugares destacados e distancia ao punto de destino.

## Iniciada a obra dos aparcadoiros das zonas de Nois e Pico do Castro

Medio Rural da Deputación de Lugo informou do inicio dos traballos financiados pola institución provincial nos aparcadoiros de Nois e Pico do Castro, en Foz.

As actuacións comezaron o pasado xoves, cos traballos de limpeza e nivelado da parcela situada en Nois, a carón do CEIP Fondo Nois, onde se creará unha zona de aparcadoiro de areón compacto con 40 prazas. Un servizo demandado polas familias con nenos e nenas no centro para dar maior fluidez e seguridade á zona no momento da entrada e saída do colexio.

A deputada de Medio Rural Mónica Freire e o tenente alcalde de Foz Xavier Fanego, que acordaron o investimento, subliñaron que “co inicio das obras se cumpre co compromiso



adquirido coa veciñanza, con axilidade e eficacia, como nos propuxemos desde o inicio desta colaboración entre as dúas institucións”.

O proxecto, que está a executar Tragsa, contempla tamén o acon-

dicionamento do aparcadoiro de Pico do Castro, fronte ao cemiterio parroquial, con aglomerado, e suporá un investimento total de 37.000 euros por parte de Medio Rural.

## Sae a contratación o paseo marítimo entre Peizás e A Pampillosa

Xa está publicada a licitación das obras da nova senda peonil entre as praias de Peizás, en Forxán (San Martiño) e A Pampillosa (Fazouro) por 1,09 millóns de euros (IVE incluído). A presentación de ofertas remata o 5 de setembro deste ano e as obras terán un prazo de execución de 9 meses desde a sinatura do contrato. Licitadas pola Secretaría de Estado de Medio Ambiente, suporán a construción dunha nova senda peonil entre Peizás e A Pampillosa con máis de 1,5 quilómetros de lonxitude e un ancho medio de 2,80 metros, ademais da ampliación da superficie

do paseo da “moi agradecido pola implicación de todos aqueles que escoitaron as demandas do Concello e posibilitaron avanzar nun proxecto concibido no ano 2007: Servizo de Costas, Subdelegación e Delegación do Goberno e moitos outros actores. Esta gran obra vai resultar un gran impulso para Foz, para o turismo e para os veciños da zona. A gran carta de presentación de Foz é o seu paseo marítimo; con esta actuación vamos conseguir conectar 15 quilómetros continuos de paseos e sendas en plataformas independentes e seguras a carón da costa”.



### MENÚ DIARIO

### MENÚS ESPECIALES

### PESCADOS



**Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433**

**ABIERTO TODOS LOS DÍAS**

# “Este ano haberá dous días de concertos, o 26 e o 27”

**Pablo Fraga, presidente da Asociación Desembarco Normando, que leva 10 anos á fronte desta tradicional festa de recreación histórica**

## Quen está á fronte da organización?

Na asociación como 7 persoas e só nos dedicamos a esta festa en concreto. Pero cada membro pertence a outra diferente polo que sempre nos botamos unha man uns aos outros en todas as celebracións.

## Como empezou a aventura da Festa Normanda?

A primeira festa Normanda fíxose hai exactamente 12 anos da man do Concello e a ACIA. E despois de dúas edicións fixémonos cargo nós. Polo que para nós é o décimo aniversario.

## Que novidades haberá?

Será unha programación similar aos outros anos, pero a novidade é que este ano haberá dous días de concertos, o venres 26 actuarán Monolius Dop ás 23.00 horas, e o sábado 27 a Banda Xangai ás 22.00 horas. Ambos serán no recinto normando. Tamén haberá unha obra de teatro o venres a cargo dos veciños de San Martiño.

## Son 4 días de festas con moitas actividades.

Por iso intentaremos non solapar as actividades na medida do que nos sexa posible para que todo o mundo poida desfrutar e así a xente estará repartida por toda a vila.

## Xa foi a presentación oficial, non?

Si, foi o 24 de xullo e repartimos ovos fritos con patacas e chourizos e tivemos un desfile de roupa normanda a cargo de Antolinas Atelier. A idea era facer este acto para que todo o mundo saiba da festa e, de paso, recadar fondos porque despois



de dous anos sen facerse, arrincá-bamos de cero e agora mesmo todo está máis.

## Haberá pregón?

Si, e este ano correrá a cargo de Marcos Fernández, Chila, empresario dunha asesoría de Foz.

## Será no mesmo lugar?

Si, nesta ocasión volvemos para o Bispo Santo pois o ano pasado pola situación da pandemia tivemos que

trasladala a Conde Fontao.

## Lembran algún momento especial?

Lembro que na primeira edición a ACIA chamounos para botar unha man a todas as asociacións focegas. E nos encantados de participar nunha festa así. Tamén lembro que fun nun kaiak que me deixou un amigo meu que era o presidente do Club Kaiak de Foz, e vestímolos como puidemos, e fomos remando e tiveron que vir os socorristas a axudarnos.

## Presentan o cartel das festas de San Lourenzo



A asociación O Noso Foz, que é a organizadora dos festexos da vila, e o Concello de Foz presentan o cartel das festas do San Lourenzo. Este ano unha fotografía nocturna do porto da localidade, sacada por Pablo Cid, da forma ao cartel dunhas festas que encherán de actividade a vila focega os días 8, 9, 10 e 11 de agosto.

As actividades culturais prolongaranse durante todo o mes de agosto, mais os días fortes comezarán o día 8 co pregón de José María Alonso Fraga, coñecido como Piti, ás 21.00 horas no Parque Rosalía de Castro (Campo da Cabana), que terá continuidade ás 22.30 horas co concerto de Owl Light Trio e Xógara, dous grupos de música tradicional, no mesmo emprazamento.

O día 9 comezarán as verbenas, que nesa xornada será amenizada por Los Satélites e Grupo Beatriz. O día grande será o 10, día de San Lourenzo e festivo na localidade, no que haberá misa ás 12 na igrexa parroquial e procesión acompañada do grupo O Feitizo; a sesión vermú estará amenizada por Fénix e pola noite serán Nostalgia, Fénix e Claxxon os que poñerán música á festa. Ás 24.00 horas recupéranse os fogos artificiais, que encherán de

cor o ceo de Foz. O día 11 a sesión vermú será a cargo de Platinum e pola noite estará acompañada de La Misión.

Todo isto, sen esquecer que o mercado comezará o día 5 ata o 11. O día 6 ás 12.00 horas haberá inchaibles gratuitos para os pequenos na avenida Álvaro Cunqueiro, acompañados de música de Mía Disko. E o día 7 o tradicional concerto da Banda de Música de Foz será un encontro de bandas no que estarán acompañados da Banda de Torrox e da Banda de Laviana, ás 19.30 horas no Campo da Cabana.

Ademais o día 11 a partir das 16.00 horas haberá festa acuática en Tupide. Tamén están programadas moitas outras actividades complementarias ou o Festival Vrao, que será os días 13 e 14. A concelleira de Cultura, Inés López, anuncia que “en breve publicarase o cartel coas actividades de todo o mes de agosto, que ten o peche coa Festa Normanda.”

Dende a comisión de festas, Ángel Fernández desexa que “guste esta programación que preparamos para que todo o mundo disfrute”. O alcalde, Fran Cajoto, quere “felicitar as Festas do San Lourenzo e desexarlles a veciñ@s e visitantes que as desfruten moito”.



## BREVES

**CAMIÑO DO MAR.** O Concello de Viveiro púxose en contacto coa prestixiosa Confraternity of St. James para promocionar Viveiro e o Camiño do Mar entre os seus membros, facilitando información sobre a súa historia e o seu percorrido. Aproveitou a ocasión para falarlles tamén dos recursos turísticos de Viveiro e do resto da comarca da Mariña, así como da Semana Santa de Viveiro, declarada de interese turístico internacional.

**SABELA.** A cantante ourolesa Sabela, participante en Operación Triunfo, actuará en Viveiro o vindeiro 13 de agosto. Este concerto será ás 00.30 horas na praza Maior. Sabela, que quedou cuarta en Operación Triunfo, cursou o Grao medio de Clarinete, grao en Terapia Ocupacional, e un máster en Musicoterapia. Recentemente sacou ao mercado o seu segundo videoclip rodado en diferentes paraxes da comarca mariñá.

**LANDROVE.** A parroquia vivariense invita a participar da quinta festa da paella, que se celebrará no atrio da igrexa, e terá lugar o vindeiro 6 de agosto, ás 21.00 horas. O prezo das racións será de 6 euros para os asociados e tan só dous euros máis para os que non o son, ademais a ración inclúe pan e café. O dúo Zafiro amenizará a velada que organiza a asociación cultural Pequenos Pasos de Landrove.

**TANGO.** La Porteña Tango con 13 anos de traxectoria e case 700 concertos realizados nos escenarios de 20 países diferentes en catro continentes vístese de gala para presentar un novo show, un espectáculo moderno e renovado onde se entrelazan a música, a danza e as historias que van desde as emocións máis profundas, á picardía e o humor. Lembrando que o Tango Arxentino é unha música popular e próxima ao público de todas as idades, afastándoo dos clichés e lugares comúns. Este espectáculo poderase desfrutar na praza Maior de Viveiro o vindeiro 16 de agosto ás 22.00 horas.



## Éxito na Festa da Merluza do Pincho de Celeiro

Viveiro celebrou unha nova edición da Festa da Merluza do Pincho de Celeiro co apoio da Deputación de Lugo. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, participou nesta cita xunto á alcaldesa e Deputada de Muller e Igualdade, María Loureiro.

A institución provincial achega 3.000€ para este evento, celebrado na carpa instalada polo Concello viveirense para acoller a todas as persoas que quixeron probar o produto. A Asociación Cultural e

Deportiva Penalba, xunto ao Concello de Viveiro, é a encargada de organizar esta festa, que contribúe a promocionar a riqueza gastronómica da comarca da Mariña e do conxunto da provincia.

A xornada, declarada de Interese Turístico de Galicia, enzalza a Merluza do Pincho de Celeiro a través das nove preparacións ofrecidas nesta edición: Especial Penalba, en salsa verde, á galega, en salpicón, en caldeirada, en empanada, en pizza e chilindrines, uns snacks de merluza que foron a novidade.

## O PP quere que instalen puntos de carga para vehículos eléctricos

Os concelleiros populares defenderon unha iniciativa para que o Concello impulse a instalación de, como mínimo, un punto de recarga para vehículos eléctricos en Viveiro, outro en Covas, un en Celeiro, e ademais outro en Aparcamentos A Mariña.

Os populares lembran que en febreiro de 2020 foi aprobada polo pleno a moción que presentaron para promover o transporte sostible, na que se propoñía a instalación de puntos de recarga en distintas zonas de Viveiro, incluíndo Aparcamentos A Mariña. A alcaldesa recoñeceu entón a necesidade de instalar os puntos de recarga, se ben dixo que lle parecían moitos. A día de hoxe,

Viveiro segue sen dispoñer de puntos de recarga, a pesar de que a súa instalación está subvencionada ata o 70% polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, a través do INEGA.

**ESTRADAS.** O PP de Viveiro insta a Loureiro a adoptar as medidas precisas para amañar as estradas municipais e lograr que a Deputación mellore as súas.

“No caso das parroquias de Viveiro, tanto as vías municipais como as provinciais están moi deterioradas. Por un lado, os pavimentos están cheos de fochancas e, por outro, está sen facer a roza das beiras” din.

## Volve a XLII Mostra Folklórica Internacional

Dende a Asociación Bágoas da Terra informan dos preparativos da XLII Mostra Folklórica Internacional de Viveiro, que este ano se retoma do 1 ao 8 de agosto e sendo os días fortes entre o xoves 4 e o domingo 7.

Así, tras dous anos de parada obrigatoria pola pandemia, despois de celebrarse ininterrompidamente dende o ano 1979, chega a 42 edición dun Festival punteiro de recoñecemento Internacional pertencente a CIOFF integrada na ONU-UNESCO do que Bágoas da Terra e Viveiro senten orgullo.

Bágoas da Terra volta con forza na organización desta edición da Mostra que incluírá dúas exposicións moi interesantes relacionadas co Camiño de Santiago, unha delas denominada A Memoria do Son ca réplica dos instrumentos do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, na que por medio de códigos QR poderase escoitar cada un dos anti-



gos instrumentos. O que será unha actividade adicional nas diferentes xornadas, como a Mostra Infantil, Concerto de Música Folk, Desfile das Nacións e Recepción cas Autoridades, un espectáculo especial o sábado 6 á noite así como a Gran Gala Internacional do domingo 7 de agosto.

## Licitan obras en varios camiños

O Concello de Viveiro celebrou dúas mesas de contratación nas que se procedeu a apertura de ofertas e proposta de adjudicación para as obras de instalación de alumado público en Santo Albites e para as obras de mellora en diversos camiños municipais.

O proxecto para a instalación de alumado público en Santo Albites, que ten un orzamento de contrata de 92.755,80 € (IVE incluído) e que se executa dentro da subvención do Fondo de Compensación Ambiental, inclúe a instalación dun novo cadro de protección e mando, zanzas para a canalización eléctrica e arquetas de paso e derivación; tamén contempla o suministro e colocación de farolas, tanto columnas como luminarias, coas correspondentes liñas de ali-

mentación.

Este novo alumado instalaráse na Pista de Santo Albites-Cemiterio de Celeiro e Camiño Santo Albites 2. Esta instalación realizarase a un só lado da estrada, con columnas de 8 metros de alto e con luminarias LED. Polo que respecta ao proxecto de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, trátase dunha actuación incluída dentro da subvención do Agader, na que se inclúen obras de mellora en viais de Covas e Vieiro.

Trátase, en concreto, da Pista da Pedreira e da Pista Pedreira-Foro, na parroquia de Covas, e das Pistas Chousa Vella e da Cova, en Vieiro. As obras consisten na mellora do firme cun orzamento de contrata de 84.502,62 euros.



NÓSOTROS ELEGIMOS  
LA TIERRA



# UN MAR DE LECER

## LAGO DAS PONTES 2022

**5 AO 7 DE AGOSTO**  
  
**BEACH RUGBY**  
**VILA DAS PONTES**  
 O MELLOR RUGBY PLAYA INTERNACIONAL  
 NO LAGO DAS PONTES



**12 AO 15 DE AGOSTO**

**Z-GRAVITY, KAMIKAZE, SELVA**  
 VENRES 16:30-20:00H  
 DE SÁBADO A LUNS  
 11:00-13:00H  
 16:00-19:00H

**TEATRO SOBRE RUEDAS**

SÁBADO 13:00H E 19:15H  
 DOMINGO 13:00H E 19:15H

**GALICIA ILUSIONA MAXIA NA RÚA**  
 SÁBADO 19:00H



**20 E 21 DE AGOSTO**

**FEIRA DO COMERCIO LOCAL DA**  
**DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

SÁBADO E DOMINGO

**FESTIVAL DE PAPAVENTOS**

SÁBADO E DOMINGO

**EXHIBICIÓN E OBRADOIROS**

**"MEZZO EL FANTÁSTICO CIRCO**  
**DE INSECTOS GIGANTES"**

**CIRCO NA RÚA**  
 SÁBADO 19:00H

**LA PENÚLTIMA SABINERA**  
**EL TRIBUTO**

SÁBADO 20:30H

**"C'EST PAS POSSIBLE"**

**CIRCO NA RÚA**  
 DOMINGO 13:00H

**KANBAHIOTA - "VOLANDO VENGO"**  
**CIRCO NA RÚA**

DOMINGO 17:00H

**BROKEN PEACH**

DOMINGO 19:30H



**27 E 28 DE AGOSTO**

**CAMPIONATO GALEGO DE**  
**VELA VAURIEN**  
 SÁBADO E DOMINGO

**FESTA ACUÁTICA**

**5 INCHÁBEIS ACUÁTICOS**

SÁBADO 16:30-20:00H

DOMINGO 11:30-14:00H

16:30-20:00H

**FESTA DA AUGA**

**4 INCHÁBEIS DE AUGA**

SÁBADO 16:30-20:00H

DOMINGO 11:30-14:00H

16:30-20:00H

**HUMOR AMARILLO**

**5 INCHÁBEIS WIPE OUT**

SÁBADO 16:30-20:00H

DOMINGO 11:30-14:00H

16:30-20:00H



## O campamento urbano de verán facilita a conciliación familiar



A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, visitou o Campamento Urbano de Verán, un servizo que iniciou a súa prestación o pasado luns 4 de xullo e que se prolongará ata o 26 de agosto de 2022.

Neste campamento ofértanse un total de 100 prazas en cada unha das catro quincenas ofertadas, o que supuxo un incremento con respecto ás prazas do pasado ano. Ademais, nesta edición ofrécese a posibilidade de participar os dous meses de duración.

A actividade destínase a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2018, ambos incluídos, e realízase no pavillón do CEP Lois Tobío, ofre-

cedo unha ampla oferta de actividades adaptadas ás distintas idades dos participantes.

A rapazada gozará das actividades de carácter lúdico programadas, como manualidades, obradoiros, xogos cooperativos ou actividades deportivas, entre outras.

“Con este campamento buscamos favorecer a conciliación familiar. Deste modo, os cativos e cativas gozan dunha alternativa de ocio saudable e á vez que pedagóxica, na que se fomentan o xogo, o deporte e a expresión artística, ademais de valores como a convivencia ou o respecto entre iguais”, explica a alcaldesa, María Loureiro

## O BNG só votará a favor da Ordenanza das praias se inclúe as de Seiramar e Arnela

A concelleira do BNG, Miriam Bermúdez, informa de que despois da moción presentada polo BNG fai un ano e as numerosas insistencias, por fin está elaborada a Ordenanza de uso e aproveitamentos das praias de Viveiro, presentada pola alcaldía de Viveiro “en medio do verán, e polo tanto chegando xa tarde para a súa aplicación neste 2022”, din os nacionalistas.

O BNG fai constar varias consideracións a esta ordenanza como que “sorprende que non apareza a Praia

de Arnela nesta Ordenanza das Praias de Viveiro, quedando desaparecida ou fóra de uso e disfrute da veciñanza, polo que solicitamos a presenza desta praia no listado”.

“Tamén vemos necesario incluír neste apartado a excepcionalidade na prohibición de animais de compañía nas praias de uso compartido (inclúense Seiramar e Arnela) dende o 15 de xuño ao 15 de setembro, de 09:00 a 21:00 horas, agás nas praias autorizadas para uso compartido de persoas con mascotas”, engaden.

## A oficina de Turismo instala unha pantalla de grandes dimensións

O Concello de Viveiro dá un paso máis na promoción turística do municipio coa instalación dunha pantalla de grandes dimensións na oficina de Turismo, co obxectivo de dar información sobre os seus atractivos e os eventos máis importantes do ano. “As cifras de visitantes neste verán e o seu lugar de procedencia reflicten que o traballo de promoción dos últimos anos deu os seus froitos”, asegura a alcaldesa, María Loureiro, que destaca o labor da concellería de Turismo.

Marisol Rey, responsable da concellería, apunta que “efectivamente o interese dos turoperadores vai en aumento e esta pantalla é un elemento máis para mellorar a información das persoas que se achegan á oficina de Turismo”.

Trátase dunha pantalla de máxima calidade e alta luminosidade, que mide dous metros de alto e dous me-



tros de ancho e ten 328.000 píxeles. Estas características permiten que a pantalla poida verse perfectamente tanto dende dentro como dende fóra da oficina que, ao tratarse dunha edificación totalmente acristada esixe unha pantalla de estas características, propias do exterior, para poder verse igualmente nun lugar de moita luz natural.

Coa instalación desta pantalla pre-

téndese promocionar Viveiro e os seus recursos turísticos mediante a proxección de todos os contidos do programa Descubre Viveiro, así como de vídeos promocionais dos distintos eventos que se celebran en Viveiro ao longo de todo o ano. Estas proxeccións serven para transmitir a esencia de cada paisaxe, monumento, festividade, etc. dunha maneira moito máis real e directa.

## Viveiro aposta por implantar o Desenvolvemento Sostible

A cidade de Viveiro adhiúese a un programa para implantar no municipio de forma progresiva os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Como primeiro paso, a entidade encargada do desenvolvemento do programa puxo en marcha unha enquisa de participación pública para coñecer a opinión dos veciños e veciñas de Viveiro sobre diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do municipio. Posteriormente, haberá unha fase de elaboración do Plan Municipal de Implementación dos ODS, con accións concretas para a súa posta en marcha durante tres anos.

O concello disporá dunha ferramenta para o seguimento do plan e a medición do impacto, establecendo indicadores concretos para



cada un dos 17 ODS.

A Axenda 2030 está concebida como unha estratexia global para traballar conxuntamente a través dos 17 obxectivos (os 17 ODS) no camiño do desenvolvemento sostible.

Mais, a pesar de ter esa ambición global, trátase en esencia dunha axenda centrada na actuación local, empregando as institucións mais próximas á sociedade para poder executar accións que teñan un impacto directo no día a día das persoas e a contorna.

## O viveirense Ánxel Vizoso gaña o Volante Deputación

O viveirense Ánxel Vizoso López foi o vencedor do premio Volante Deputación no circuíto da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir na vindeiro Rally San Froilán.

O mozo viveirense foi o máis rápido na proba final (1.43.103), por diante de Pablo Núñez Fernández (1.49.130), Jesús Amor Vidal (1.52.257) e Salvador Carreira Lamas (1.52.997), que completaron o cadro de finalistas tras dúas xornadas de intensa actividade no circuíto pastoricense.

As persoas participantes na proba, organizada por PTC Escuela co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello da Pastoriza, recibiron formación en condución deportiva e tiveron a oportunidade de iniciarse na competición automobilística coas probas cronometradas.

NAVE DE REDES PORTO DE BURELA, 5-6-7 AGOSTO 2022

# PRODUART

Feira dos Produtos Artesanais e Ecolóxicos

ORGANIZA FUNDACIÓN EXPOMAR

PRODUTOS DO MAR E DA TERRA, PRODUTOS ECOLÓXICOS E ARTESANÍA  
Obradoiros, Conferencias, Actividades infantís

# Lista a programación das Festas Patronais

Por primeira vez haberá un pregoeiro, que será o escritor Ramón Pernas, e o cartel foi realizado por Oliva Díaz Mejuto

O Concello de Viveiro presentou a programación completa das súas Festas Patronais 2022, que durante tres semanas no mes de agosto ofrecerán actividades culturais de todos os estilos e para todas as idades.

“Despois de dous veráns de limitacións pola pandemia, recuperamos o pulso habitual das festas, que ademais da programación serán un lugar de encontro para os veciños de Viveiro, os familiares que viven fóra o resto do ano e os turistas que chegan á nosa vila”, asegura a alcaldesa, María Loureiro.

Por primeira vez, haberá un acto de pregón a cargo do escritor Ramón Pernas, natural de Viveiro. Será o día 14 de agosto ás 13.00 horas desde o balcón da Biblioteca Municipal. Actuará alí a Banda Municipal o Landro interpretando o himno ‘Catro Vello Mariñeiros’.

Ramón Pernas é un fixo nas festas patronais de Viveiro e leva o nome da nosa vila con orgullo por toda España, incluso nas súas novelas. Habitual polas rúas da concello, amosará no seu pregón o que representa para el Viveiro.

A concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, destaca



“o noso interese en continuar cos eventos inclusivos, como os concertos de Serafín Zubiri e Xabier Díaz, nos que haberá linguaxe de signos e mochilas vibratorias, ademais dunha actividade familiar como é o concerto ‘Chungo Pastel’ a cargo da Fundación Igualarte, composta por persoas con diversidade funcional”.

“Será unha programación ecléctica, apostando tamén pola cultura feita en Viveiro e recuperando a tradicional sardiñada, a proxección ‘60 minutos en positivo’ ou os cabezudos pola rúa”, engade Fernández-Noriega.

Unha das citas máis importantes será o concerto de Mikel Erentxun o día 15 de agosto, ademais do concurso de karaoke o día 8 ou o festival de corais o 14. Dentro das exposicións previstas, destaca ‘Espazos Alternativos’ coa asociación Os Negativos, con fotografías que se instalarán nos balcóns da vila.

A programación inclúe tamén actividades deportivas, actos litúrxicos, pasarrúas, e as feiras do libro e de artesanía. O 19 de agosto, os xardíns Noriega Varela acollerán o Día da Cativada, con actividades para os nenos e nenas.



**CARTEL ANUNCIADOR.** A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro e a concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, presentaron esta mañá o cartel das Festas Patronais deste ano, xunto á artista encargada do deseño, Oliva Díaz Mejuto.

Como cada ano, o Concello de Viveiro encarga o deseño do cartel a un artista local, co obxectivo de fomentar o talento artístico do municipio. Neste ano a pintora Oliva Díaz Mejuto, foi a responsable do cartel.

“O deseño de Oliva transmite sen dúbidas o espírito das nosas festas, cuxo programa completo detallare-

mos proximamente. De momento, xa anunciamos o concurso de karaoke, Viveiro Canta; o desfile dos cabezudos e mais o concerto de Mikel Erentxun”, recorda a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

A concelleira de Cultura recorda que esta iniciativa “pon en valor aos artistas locais, para que cada un mostre a súa visión desta cita”. Ademais, “no deseño, reivindicáanse os cabezudos, tan ansiados polos nenos/as e que todos recordamos da nosa infancia”, engade a concelleira.

Pola súa banda, Oliva Díaz Mejuto expresou que o deseño do cartel supoñía unha importante responsabilidade, ademais dunha gran honra. Segundo a deseñadora do cartel, “os xigantes e cabezudos, en primeiro plano, son o símbolo de Viveiro en festas e unha homenaxe ás familias; no fondo, unha vista da Praza Maior, que é o centro dos actos festivos; tamén aparece a Biblioteca Municipal no centro, en cuxo balcón se da o pistoletaxo de saída ás festas”.

Respecto da cor, as protagonistas do cartel son as cores primarias, que caracterizan a obra desta pintora, outorgándolle luz e cor, cun carácter festivo.



Asociación GDR 1  
Terras de Miranda.  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

**O GDR TERRAS DE MIRANDA  
PON EN VALOR A FIGURA DO  
ESPELEOPARQUE DA MARIÑA**



**A través do programa Leader 2014-2020, o GDR Terras de Miranda, en colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento rural, realizará varias actividades dirixidas a rapaces de entre 12 e 17 anos que participen no campamento de verán que realizará a Federación Galega de Espeleoloxía durante o mes de agosto, co fin de dar contido á figura do Espeleoparque da Mariña e contribuír á súa divulgación, así como dar a coñecer outros recursos naturais e culturais do territorio xerando sinerxias entre os mesmos. Infundir entre os máis xoves o coñecemento dos recursos naturais do territorio, así como o respecto polo medio ambiente.**

Estas actividades estarán relacionadas con **actividades puras de espeleoloxía** (visitas á Cova do Rei Cintolo, ás covas paracársticas na costa de Burela e Foz e a covas pseudocársticas nos granitos dos abrigos da Ameixoadá e Frouxeira), **actividades de sendeirismo** (Ruta da Fraga Vella e Ruta da Frouxeira) e **actividades culturais** (visita ao Castelo de Castro Douro, visita á Basílica de San Martiño de Mondoñedo e visita ao Espazo Caritel).

O Espeleoparque da Mariña é unha figura innovadora non só a nivel autonómico, senón tamén a nivel nacional. Este conta cuns roteiros que abarcan actualmente o territorio definido inicialmente para o mesmo: Mondoñedo, Alfoz, Foz e Burela que permiten o desenrolo de actividades de difusión, promoción e posta en valor das covas ao tempo que se garante un impacto mínimo do patrimonio natural subterráneo.



X 21-22



Asociación GDR 1  
Terras de Miranda.  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

Colaboración



## Dimite a concelleira de Igualdade e o Pleno establece os días festivos locais

No pleno ordinario deuse conta da renuncia á acta de concelleira de Igualdade de Mariluz Álvarez Las-tra, despois de 23 anos de traballo ininterrompidos. A súa marcha, tal e como ela manifesta, faise por motivos estritamente persoais e que non lle permiten xa por máis tempo compatibilizar todos os roles na súa vida. Na sesión foron aprobadas bonificacións fiscais en varios impostos para aquelas empresas que decidan instalarse en Ribadeo. Durante tres anos terán bonificacións que partirán dun mínimo do 50% chegando a un máximo do 95% en función do número de persoas contratadas.

Tamén foron fixados os festivos locais do 2023 (16 de agosto e 8 de setembro) e foi aprobada unha moción sobre o servizo de saúde mental.

## Rinlo estrea un folleto turístico con motivo da Festa do Percebe

Rinlo celebrou un ano máis, a súa renomeada Festa do Percebe. Uns 800 quilos foron ofrecidos dende o mediodía a un prezo popular de 15 euros a ración. Este evento estivo organizado polos mariscadores da Confradía de Ribadeo-Rinlo, e este ano por primeira vez a Concellaría de Turismo xunto coa Asociación de Veciños O Cantal instalou unha caseta onde se ofreceu información turística sobre este pobo mariñeiro e o concello de Ribadeo en xeral.

Para a ocasión esta área acaba de lanzar un folleto monográfico sobre este porto histórico de orixe medieval, onde se fala da súa arquitectura, das cetáceas, do percebe a súa festa e outros datos de interese, etc.

## O PP esixe unha vez máis un plan de limpeza

A viceceira do Grupo Municipal de Ribadeo, Elena Sierra, esixe ao goberno local “un plan de limpeza serio tanto na vila como nas parroquias do municipio”.

A popular sinala que “os ribadenses non nos merecemos esta falta de limpeza e abandono por parte do goberno do BNG”. Ademais, critica a ausencia dun goberno que “se lle dá moi ben a propaganda pero que se esquece da desinfección e baldeos das rúas e contedores tanto na vila como nas parroquias”.

De feito, a viceceira sinala que “o goberno de BNG segue vivindo nunha sesta permanente” e non é moi recomendable que vos nenos non xoguen nas áreas recreativas pola falta de limpeza, “ata que chega unha festa, con moita sorte se sega a herba, pero queda alí tirada ata que podrece”. Tamén destaca o deterioro do mobiliario urbano, roto e sen

limpar #ante as continuas queixas da veciñanza tamén demandamos un plan de limpeza das pistas.

Elena Sierra pregúntase “onde está o concelleiro de medioambiente, o único que sabemos é que cobra a fin de mes. Claramente hai unha falta de actuación sobre este problema. O Grupo Municipal Popular lévase preocupando e demandando unha solución durante toda a legislatura. Os veciños están faltos dun goberno que nos castiga tendo un pobo falto de limpeza”, remata dicindo Sierra.

**ESCOLAS RURAIS.** Ademais, o PP denuncia que o alcalde Suárez “impediu investir 70.000 euros da Xunta en catro antigas escolas rurais de Ribadeo, para firmar pola porta de atrás un convenio coa Deputación”.

O goberno de Ribadeo “prefire que o seu Concello perda investimento antes que recibilo da Xunta de Galicia”,



di o voceiro popular, Daniel Vega. “O caso da mellora das antigas escolas rurais é un claro exemplo do sectarismo co que actúa o goberno local”. Vega explica que “os veciños non puideron arranxar as súas escolas. Tiveron que devolver máis de 70.000 euros á Xunta porque o Goberno do BNG prohibiu este investimento, porque o alcalde chamounos directamente para dicirles que non podían investir ese diñeiro, algo que solicitaran eles”.

O portavoz dos populares sinala “a Xunta, hai máis dun ano, tería este asunto resolto. Investiríamos máis de 70.000 euros nas escolas de Vilaselán, Rinlo, Cubelas e Arante. Ti-

ñamos máis investimento en catro que o que presenta agora o BNG coa Deputación, no total das escolas. Isto chámase traballar e xestionar o orzamento en consenso cos veciños, non como fan eles: confrontar, anunciar algo que colle por sorpresa aos veciños, que non saben moi ben que van a arranxar e resolver, porque durante 16 anos non o fixeron”.

Os populares din que “agora, porque un grupo municipal se reuniu con eles e íamos investir nas escolas, íamos resolver estes problemas, tivemos que devolver o diñeiro, porque o goberno do BNG, o alcalde, prohibiu este investimento, de máis de 70.000 euros”.

## Acondicionarán a área recreativa da Vilavella

O Concello executará o acondicionamento da área recreativa da Vilavella, logo de recibir unha axuda para esta fin. Agardan que os traballos estean rematados a finais do verán ou principios do outono. O orzamento é de 40.000 euros e conta cunha achega de 29.000 procedentes do Fondo de Compensación Ambiental.

O que se pretende con estas actuacións é acondicionar este espazo para convertelo nunha area recreativa de fácil acceso a pé ou en vehículo, e que serva de zona de descanso ou de paso cara a ruta do Muíño das Aceas dentro do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico. Deste xeito recupera-

rase e ampliarase o espazo verde ocupado pola antiga estrada que daba acceso ao núcleo urbano, converténdoa así nunha zona de lecer, de descanso e de paso dentro da ruta de sendeirismo que conduce ao citado Muíño das Aceas. Entre as actuacións contempladas atópase o axardinamento deste espazo, a instalación de iluminación vertical LED de baixa emisión lumínica, o acondicionamento dunha zona de aparcamento, crearemos tamén un miradoiro cunha varanda de seguridade e tamén instalaremos mobiliarios como bancos, mesas e aparcabiscos e paneis informativos”.

## Preparan 11 percorridos guiados polo patrimonio

A Concellaría de Turismo organiza 11 percorridos guiados a través do patrimonio natural e cultural durante este verán. Trátase dunha serie de rutas accesibles, para todos os públicos, nas que se mostrarán aspectos moi diversos tanto dende o punto de vista natural como cultural.

Este ano hai unha novidade, xa que se incorpora unha nova visita teatralizada polo legado indiano, coa que se dará a coñecer a historia viva da pegada da emigración a ultramar. Continúan as outras 2 visitas teatralizadas que o ano pasado tiveron tanto éxito. Por unah banda a do Ribadeo Ilustrado, da man do grupo de teatro Os Quinquilláns, todos os xoves de xullo e agosto ás 20.30 horas con saída desde diante do Concello.

E a visita teatralizada ao Camiño do Encanto. Con esta percorrerase algúns dos atractivos máis singulares do interior de Ribadeo: Pazo de Cedofeita, Pegadas do Encanto e Santuario de Nosa Señora das Virtudes con relatos teatralizados que permitirán afondar nos valores e historia do patrimonio interior de Ribadeo.

O desprazamento será en bus e as datas establecidas en agosto son os días 7 e 21. Partirase da oficina de turismo ás 10.30 da mañá e terá unha duración de dúas horas e media.

Ademais, a través de 4 roteiros guiados e interpretados, poderase gozar do fascinante patrimonio cultural e etnográfico que está presente en cada recuncho da vila e tamén na zona interior do Concello.



## Os Amigos da Gaita xa ten listo o programa da Xira a Santa Cruz

A asociación de Amigos da Gaita de Ribadeo informou de que xa dispón do cartel que anuncia a festa da Xira a Santa Cruz para este ano. A xornada festiva dará comezo o sábado 6 de agosto ás 19.30 horas cos pasarrúas a cargo de Amigos da Gaita, e continuará ás 20.00 horas no Cine Teatro co pregón homenaxe 60 aniversario e a actuación das Escolas.

Ao día seguinte, ás 12.00 horas no monte de Santa Cruz haberá a tradicional festa amenizada polo grupo polense Leña Verde, e tamén no Cantón dos Moreno haberá diferentes actuacións das escolas e pasarrúas a cargo de Xaramolos.

A continuación será a subida ao miradoiro da área recreativa homónima para pasar unha xornada campestre con comidas no campo e música tradicional galega.



Xa pola tarde, ás 19.00 horas, será a ofrenda floral no Monumento ao Gaiteiro e despois pechará a cita festiva o concerto de Xisco Feijó e Pelepau.

Este colectivo é o organizador dunha cita na que colabora o Concello e diferentes administracións galegas.

## O Festival de Cine Curto Ollo de Boi empeza o 10



Os días 10 e 13 de agosto terá lugar o Festival de Cine Curto de Ribadeo Ollo de Boi, que foi presentado esta mañá nas inmediacións do Teatro. Nel presentáranse oito curtametraxes e o público terá un papel moi importante.

A concelleira de Cultura de Ribadeo, Pilar Otero, asegurou que “dende a Concellaría da Cultura sempre apoiamos as iniciativas da xente da zona, e si por riba veñen de man de xente nova pos moito máis. Alegrámonos de que tomen a iniciativa, de que dean pasos adiante e sempre saben que teñen a nosa porta aberta sempre que esteamos en disposición de poder axudalos. Neste caso non o dubidamos, desde o primeiro mo-

mento nos pareceu unha iniciativa moi interesada e estamos encantadísimos de que salga adiante”.

Carme Rodríguez, propulsora da organización do evento, explicou que “o Festival de Cine Curto de Ribadeo Ollo de Boi vai consistir en dúas fases, unha semifinal e unha final, os días 10 de agosto, mércores, nos cines de Ribadeo, e o 13, sábado, será a final aquí no Cine Teatro. Queremos poñer en valor os proxectos audiovisuais da xente, dos creadores e creadoras da Mariña. Temos oito curtametraxes, todas elas feitas por xente da Mariña e dos arredores, da provincia de Lugo e do Occidente de Asturias”. As proxeccións serán ás 20 horas.

## Por Nuestro Faro crea unha nova nova campaña de concienciación

Covadonga Suárez, presidenta de la Asociación de Veciños Por Nuestro Faro de Ribadeo, vén de comunicar da creación dunha nova campaña de concienciación “na que esperamos implicar ao maior número de persoas posibles”.

Así, como fixeron os defensores da illa da Creba, na Coruña, co apoio do BNG están levando unha importante iniciativa nos medios e no Parlamento para a súa recuperación pública, por iso dende a plataforma ribaden-

se solicitan “o mesmo apoio e unha xestión local, unha protección real e un uso público para a illa Pancha”.

“O pobo está no seu dereito de reclamar o seu patrimonio natural, histórico e cultural, como parte integrante da súa identidade. En consecuencia, debe poder contar co apoio político de quen está en medida de garantir e protexer o dereito ao público, porque, ademais, comprometéronse a facelo fronte aos cidadáns”, remata dicindo Suárez.



**MURAL.** A emigración é a protagonista do mural que se pode ver xa na pracinha da Fonte Nova. Estampas do retorno é un novo traballo do afamado artista de orixe ribadense Joseba Muruzábal. O mural unha das actividades das vésperas do Ribadeo Indiano. Joseba Muruzábal, de nome artístico JOSEBA MP, é un dos máximos expoñentes deste tipo de traballos artísticos.

### EN BREVE

**ESCOLAS DEPORTIVAS.** O salón de plenos do Concello acolleu a sinatura dos convenios das escolas de verán nas que este ano participan uns 80 nenos e nenas, fundamentalmente de Ribadeo, nas especialidades de pesca deportiva, de piragüismo, de surf e de vela.

**EXPOSICIÓN.** A exposición *A Casa de Galicia. 50 anos da Casa de Rosalía* chega ao Campo de San Francisco de Ribadeo ata o 7 de agosto. A mostra repasa a historia deste museo e lembra o fito que supuxo en pleno franquismo conseguir comprar, restaurar e musealizar esta casa grazas á colaboración de milleiros de persoas.

**ARANTE.** O Concello saca a licitación o arranxo dunha vía de comunicación moi importante na parroquia de Arante, no núcleo de Remourelle. Trátase dun camiño municipal de Ribadeo que comunica con outro do veciño Concello de Barreiros. O investimento ascende a 103.000 euros, dos que o 66.000 corresponden a unha achega en dúas anualidades da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. As empresas interesadas en presentar as súas ofertas poden facelo ata 8 de agosto.

**APLICACIÓN.** Vén de presentarse a nova aplicación de turismo denominada RibadeoXQSi, coa que o usuario poderá coñecer os principais recursos turísticos do municipio encadrados en seis rutas que combinan o patrimonio e cultura, como a ruta do Ribadeo Indiano ou a do Ribadeo ilustrado, coa natureza a través de paisaxes inesquecibles como o Camiño Natural – Ruta do Cantábrico ou as XeoRutas. Trátase de preto dun cento de recursos xeoreferenciados para facilitar a súa visita, dos que se ofrece unha completa información acompañada dunha audioguía para mellorar a experiencia”.



# VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES  
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,  
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE  
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO  
JURÍDICO CONTINUADO

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
☎ 982 228 606

📱 veiguelabogados
📘 veiguela abogados

## Burela doa o premio da campaña Recicla e Únete ao Reto á ACC



A Delegación de Medio Ambiente do Concello de Burela fixo entrega dun cheque de 1.000 euros á Asociación Esperanza Contra o Cancro de Burela tras superar o desafío da campaña Recicla e Únete ao Reto.

A edil de Medio Ambiente, Toñi Eijo, e o alcalde de Burela, Alfredo Llano, recibiron no salón de plenos do consistorio á presidenta da entidade local contra o cancro, Nuria González, para conceder esta contía económica que veñen de conseguir pola participación na iniciativa promovida por Ecoembes e a Consellería de Medio Ambiente, entidades que tamén

participaron do acto coa presenza de Manuel Vidal.

O gran contedor de Recicla e Únete ao Reto instalado na praza do Concello durante os meses de abril e maio permitiu á veciñanza sumarse á campaña de xeito que se alcanzaron dous obxectivos fundamentais. O primeiro deles foi concienciar da importancia de incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros e incorporar rutinas e prácticas responsables co medio. O segundo, que se materializou hoxe coa entrega do cheque, brindou a oportunidade de doar 1.000 euros a unha entidade social.

## O Concello lembra que hai que manter limpas as fincas como medida ante incendios

O alcalde, Alfredo Llano, vén de emitir un bando para lembrar ás persoas propietarias de parcelas e fincas a obriga de manter limpos estes espazos, xestionar correctamente a biomasa vexetal e retirar especies arbóreas prohibidas para a prevención e defensa contra os incendios.

No bando especificase que todos os propietarios de terreos clasificados como solo urbano ou urbanizable

sitas no termo municipal do Concello de Burela deberán executar na totalidade da superficie referida os traballos de roza que sexan precisos, limpar e eliminar residuos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade, que xestionen a biomasa vexetal e que se corten e retiren as árbores que podan supoñer un perigo no relativo aos incendios forestais.

## Volve a XXXVI Feira do Bonito e Produart os días 6 e 7

Comeza a contra atrás para a trixésimo sexta edición da Feira do Bonito de Burela, que se celebrará a primeira fin de semana de agosto. Organizadores e Concello veñen de realizar a presentación oficial na Casa Consistorial coa colaboración da Deputación de Lugo, que promoveu unha sesión de showcooking e unha degustación posterior deste produto emblema.

Burela estreará este 2022 o recente nomeamento da Feira do Bonito como de Interese Turístico Nacional despois de anos de arduo traballo para acadar esta distinción e dous anos de pandemia que impediron celebrar esta feira tan sinalada na localidade.

A XXXVI Feira do Bonito desenvolveuse como xa é habitual a primeira fin de semana de agosto, os días 6 e 7, nos que se repartirá entre veciños e visitantes un total de 3.500 kg de bonito en distintas elaboracións. Comezará o 6 de agosto coa ruta BTT Enduro Monte Castelo – Bonito de Burela, con saída do porto ás 9.30 horas. Unha hora máis tarde, comezarán os partidos do IV Torneo de Fútbol Veteranos na Marosa, e ás 11.30 horas comezará a II Quedada de Coches Clásicos, que farán un percorrido polas rúas do pobo e rematarán cunha concentración na Praza do Concello a partir das 13.00 horas. Nesta cita que aúna gastronomía con tradición e cultura, non pode faltar a música, polo que será a Charanga Mekánika Rolling Band a que porá a nota musical cun pasarrúas ás 12.00 horas. A recepción de autoridades e convidados realizarase ás 13.30 horas no barco museo Reina del Carmen, así como o recoñecemento do galardón Bandeira Azul.

Ás 14.00 horas comezará o pregón a cargo de Martiño Suárez Fraga, escrito e xornalista, e posteriormente farase a entrega de premios do concurso de carteis e o nomeamento de Asador Maior e Colaboradora de



Honra da Feira.

A continuación será a apertura da degustación de bonito, que se manterá ao longo da tarde repartindo tapas de salpicón e as racións clásicas de bonito cocido, bonito asado á grella e empanada. Haberá racións sen glute para persoas con intolerancias. Rematará o día coas actuacións musicais a partir das 21.00 horas de A Banda da Loba, A Quinquillada e un Dj.

O domingo haberá actividades infantís desde as 12.00 horas e a partir das 13.30 horas comezará a degustación de marmitako, coa sesión vermú a cargo de Familia Caamagno.

**CERTAME AMARTE.** Coincidindo coa Feira do Bonito, os nove finalistas recentemente seleccionados do certame de pintura Amarte, o máis internacional de todas as edicións, realizarán os seus traballos no porto desde o xoves 4 de agosto.

As persoas seleccionadas para a final de Amarte son Oniel Rodríguez López, de nacionalidade cubana e residente en Lugo; Julia Postoyalkova, nacida en rusia e de orixe francesa, aínda que actualmente vive en Barcelona; Stelvia Izaura Inhala, portuguesa nacida en Angola; Paulino Borreguero García, de Murcia; Homero Preyra e Romina Ayesteran, arxenti-

nos residentes en Barcelona; Jorge Gordillo, de Madrid; Jorge Merino, guipuzcoano con residencia actual en Madrid; e Pedro Gonzalo, pontevedrés e único representante galego. O domingo 7 de agosto ás 13.00 horas terá lugar a entrega de premios dos tres gañadores do certame elixidos por un xurado profesional.


**PRODUART.** A XXXVI Feira do Bonito tamén terá espazo para a artesanía, coa Feira de Produtos Artesanais e Ecolóxicos Produart promovida por Expomar que cumpre a súa XX edición. Os expositores comercializarán ao longo da fin de semana distintos produtos e obxectos no porto burelense, con entrada libre e de balde. Haberá actuacións dos acordeonistas de Burela, unha mesa debate por unha pesca sostible, e actividades impartidas polas monitoras de Gaia.


**CARTEL.** O concurso contou con dúas categorías, A, ata 14 anos, e B, maiores de 14 anos. A gañadora na categoría A foi Ximena Riopedre Orosa e o seu deseño servirá para o programa de man.


No tocante á B, A asociación A Mariña – CRPL Viveiro, foron os premiados e polo tanto o seu deseño será o encargado de anunciar as festas no cartel.

VEN A REPOSTAR  
A  **Ortegal Oil**

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS  
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 [www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es)

 [Ortegaloil](https://www.facebook.com/Ortegaloil)

 881 93 18 56

Escanea y visita  
nuestras estaciones



# “As institucións públicas deben dar confianza e seguridade á poboación”

Alfredo Llano é o alcalde de Burela de forma ininterrompida dende o ano 2015

## Pode facernos un balance desta lexislatura?

Esta lexislatura que para nós comenzo en xaneiro do 2020, por erro nas mesas electorais, estivo moi condicionada pola dimensión da pandemia, pero fóronse logrando melloras globais para o Concello. Por exemplo acadamos ter unha débeda cero o mesmo tempo que contamos con un forte remanente que nos permitiu, e permite, a realización de obras e melloras que agrandan as posibilidades integrais de Burela. Pero si teño que destacar algo que nos define é o achegamento da institución a toda a veciñanza. Eu penso que as institucións públicas deben ser fortes e representativas para dar confianza e seguridade á poboación.

## De que proxecto se sente máis orgulloso?

Procuramos atender todas as nosas actuacións pensando sempre na compatibilidade co medio ambiente e procurando que o obxectivo sexa o ben común. Queremos unha Burela atractiva e funcional en todos os eidos. Queremos a máxima calidade nos servizos, e penso que se mellorou de maneira significativa na limpeza vial, recollida selectiva e punto limpo,

no abastecemento e calidade da auga, con controles remotos para detectar fugas, nas instalacións deportivas, en parques e rúas, nos edificios públicos e na creación de novos de espazos de convivencia como os hortos urbanos, e a merca de solo dotacional pensando na construción de edificios para servizos públicos moi demandados como residencias, piscina, pavillón, aparcadoiros e outras. Hoxe tamén somos referentes no deporte, cultura, medio ambiente e seguridade

## Que quedaría por facer de cara a este ano? Proxectos en marcha

O fundamental agora mesmo é a construción dunha nova EDAR, moi necesaria para garantir a calidade no tratamento e atender as necesidades actuais e futuras de Burela. Esta obra depende de Augas de Galicia e estanse dando os pasos (moi lentos) para o comenzo das obras.

## E a longo prazo?

O importante é consolidar a Burela como un lugar idóneo para motivar proxectos de vida. Que sexa un motor socioeconómico e cultural para ofrecer oportunidades aos mais novos. Agora

mesmo temos as características dunha pequena cidade, con bos servizos educativos, sanitarios, diversidade de comercios e negocios, praias e un porto pesqueiro moi importante. Debemos contar con vivendas suficientes para favorecer o incremento da poboación, neste senso estamos traballando para contar con mais vivendas de protección oficial.

**“Este ano os orzamentos destacan nunha cuestión esencial: cero débedas. É a primeira vez na historia que non temos que pagar intereses nin capital a ninguén”**

## E a nivel industrial, cales son os plans?

Aquí temos tradición industrial en explotación e tratamento de caolín (e no seu tempo industrias derivadas, como Gres Burela), fabricación de buques con estaleiros Armón o fronte dándolle categoría o sector, empresas de construción, auxiliares que abastecen a Alcoa e actividade pesqueira, turística, etc. O que debemos facer dende o concello é favorecer a actividade industrial atendendo ás necesidades que nos reclamen.

## Cales serían as características e a definición deste Concello?

Temos unha superficie de 8.1 quilómetros cadrados e convivimos 43 nacionalidades.. A diversidade eleva o entendemento e favorece a convivencia. Somos un referente na pesca co mellor porto pesqueiro do litoral cantábrico, con unha lonxa que poxa mais de 100 especies cada día, coa merluza e co bonito dando categoría á gastronomía, e destacamos tamén a nivel internacional, polo fútbol sala feminino. Todo no seu conxunto dálle unha singularidade total a Burela.

## Foron presentados os orzamentos recentemente. Que o máis destacado deles?

Este ano os orzamentos destacan nunha cuestión esencial:



cero débedas. É a primeira vez na historia deste concello que non temos que pagar intereses nin capital a ninguén. Outra boa cuestión é o remanente acadado nos últimos anos que demostran unha xestión económica favorable. Unha parte deste remanente estase empregando en investimentos que mellorarán a funcionalidade e aspecto do noso pobo. Con case oito millóns de euros imos atender as necesidades deste concello, con unha dotación moi importante para servizos sociais.

## Despois das patronais e da Castrexa, que foron un éxito. Que se espera deste verán? Coa celebración da Feira do Bonito xa en marcha para agosto.

Este ano é a primeira celebración da Feira do Bonito coa cualificación de Interese Turístico Nacional. Esta edición é moi importante para nós e queremos unha feira con moito atractivo gastronómico, cultural, artístico e social. Esta Feira é unha oportunidade de agrandar as posibilidades turísticas de Burela. Ademais coincide coa Feira Produart que é un escaparate de produtos ecolóxicos e artesanais, e co concurso internacional de pintura, Amarte, no muro do porto. Estes tres eventos simultáneos fan que o noso pobo sexa o epicentro da Mariña os días 5, 6 e 7 de agosto. Para esas datas estará rematado un proxecto de arte, im-

pulsado conxuntamente por varios colectivos, institución e asociación, que se denomina BURELA-IN e que está colocado na fachada da antiga conserveira. En pouco tempo rematarase outro proxecto artístico que será colocado na ponte de Adif da rúa Eijo Garay. En setembro agardamos a celebración do festival Osa do Mar, con un cartel impresionante da mellor música actual.

## Burela é un Concello turístico da Mariña lucense, como se está a traballar neste eido?

A Mancomunidade procura organizar paquetes e eventos turísticos que beneficien ao conxunto dos concellos. E moi bo pensar na Mariña como xeo destino turístico por que no seu conxunto ofrecemos unha diversidade infinita. Si a comarca vai ben, amosa que os concellos van ben. Burela, neste senso, colabora intensamente para favorecer un turismo que nos visite todo o ano, pensando sempre en ofrecer calidade e confianza.

## Un desexo para este ano...

Que a veciñanza se sinta satisfeita de vivir aquí, que o espírito de colaboración, solidariedade e convivencia segan a ser un indicativo claro de Burela, e que logremos construír un futuro que nos de confianza e seguridade compartindo a vida coa natureza en perfecta harmonía, hoxe moi necesaria.



# A Ocioteca de Verán, máis que unha actividade estival

A Delegación de Medio Ambiente ofertou un ano máis as actividades de verán, durante os meses de xullo e agosto, para os nenos de infantil e de primaria co obxectivo de axudar ás familias a conciliar a vida laboral e familiar durante a época estival. A Ocioteca promove actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico e actividades que favorecen o traballo en equipo e a creatividade; potencia actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural; e da coñecer o entorno.

Así os nenos participantes realizaron unha ruta pola praia do Ril para buscar entre a area pedras, cunchas, paos e outros obxectos co obxectivo de crear mosaicos con materiais da natureza.

**FAI CLICK AO TEU BOCATA.** Esta iniciativa foi deseñada co obxectivo de facilitar o coñecemento e consumo de produtos en conserva do

mar de Galicia entre as crianzas da nosa comunidade, e tamén co fin de incidir e equilibrar as súas dietas alimentarias. Os pequenos participaron do programa, recibindo unha pequena explicación sobre a importancia de consumir peixe e produtos do mar como mínimo unhas 3 ou 4 veces por semana.

Nesa primeira parte explicativa púxose de relevo a alimentación sana e equilibrada, conxugando a teoría con varios xogos para integrar a aprendizaxe individual e colectiva.

Ao remate da sesión puideron degustar uns deliciosos bocatas de leituga, queixo, tomate e sardiñas en lata, compartindo entre eles o sabor destes produtos que a programa quere enxalzar.

**SUMIDOIROS.** As monitoras da aula Gaia traballaron no paseo marítimo xunto cos nenos a importancia de non tirar lixo sólido nos

sumidoiros polas consecuencias negativas que ten sobre o medio ambiente e, particularmente, sobre o mar. A actividade *O mar comeza nos sumidoiros* conseguiu concienciar aos máis pequenos de que o mal uso destes condutos trae como consecuencia a obstrución das redes de drenaxe, provocando atascos e colapsos.

Xunto coas monitoras, aprenderon que os sumidoiros non son vertedoiros, senón que a súa función é a de recoller e transportar augas residuais, industriais e pluviais. Deste xeito, non se poden tirar trapos, pedras, pañais, aceites e outros elementos que entorpecen ou danan o seu funcionamento.

O grupo trasladouse ao paseo marítimo para pintar nos sumidoiros desde a zona da Marosa ata o Portelo uns pequenos peixes para simbolizar que o mar comeza aí, facendo fincapé en que non se deben arroxar desperdicios ao chan e



que si se debe facer un uso correcto das papeleiras. Axudáronse de plantillas, pinturas e pinceis para realizar esta campaña que non queda só na Ocioteca, senón que pretende espertar consciencias á poboación xeral.

**CADERNO DE CAMPO.** Tamén realizaron unha saída á praia do Portelo para realizar unha actividade de campo observando e aprendendo as características da flora do litoral burelés, que reflectiron nos seus cadernos de campo.

Os obxectivos principais da saída foron os de coñecer a importancia da flora para a contorna, aprender a identificar e coñecer as especies,

así como as características das máis comúns, e tamén identificar aquelas invasoras e o seu impacto sobre o medio.

Durante o traxecto polo paseo marítimo, monitoras e pequenos realizaron varias paradas para observar de preto as plantas que se encontraban ao seu paso. A actividade desenvolveuse en dúas partes, por unha banda deron a teoría sobre a importancia da flora, nome común e técnico das distintas plantas, características, usos, curiosidades, diferenza entre as invasoras e as especies autóctonas, e por outra banda, elaboraron un pequeno caderno de campo con fotografías e características.

## Iniciadas as obras de reconstrución da beirarrúa de Nosa Señora do Carme

Comezaron as obras que servirán para reconstruír a beirarrúa de Nosa Señora do Carme, no tramo comprendido entre as rúas da Lamestra e Eijo Garay.

Os traballos que se porán en marcha substituirán todos os bordos e a capa de acabado, instalando tamén farolas nunhas isletas habilitadas fóra da propia beirarrúa. Para iso, demolirase o actual pavimento, repoñendo as baldosas cun deseño integrado e similar ao aplicado na contorna. Ademais, instalarase un novo cableado con toma de terra, poñendo os bordos da calzada con hormigón.

A obra ten un prazo de execución de dous meses e un orzamento total de 57.517,24 euros, financiada con fondos municipais dos remanentes de tesourería que o goberno agora pode destinar a este tipo de accións froito dunha boa xestión económica previa. A empresa encargada da obra é tamén a adjudicataria da mellora da segunda fase que se realizará na rúa Rosalía de Castro en canto rematen esta.



## Rematados os traballos de mellora en dez vías

Xa están finalizadas as obras do proxecto de rehabilitación de firmes no que se investiron 355.757 euros de fondos municipais para renovar un total de 2,5 quilómetros lineais de estrada no casco urbano. Xa están reparados os firmes da calzada de varias rúas con asfaltado en quente para mellorar a súa seguridade e durabilidade, incluíndo así mesmo a renovación completa da sinalización horizontal coas tarefas de pintado.

Finalizadas as obras, a veciñanza xa pode ver os resultados da rehabilitación na rúa Rosalía de Castro, entre a rúa Lamestra e a Avenida da

Mariña; a Avenida da Mariña no acceso ao cemiterio e entre a travesía dos Castros e a rúa Pardo Bazán; o cruce da travesía dos Castros, a rúa dos Castros e a rúa dos Colexios; a rúa Vilar entre Avenida Pomedá e a fonte pública; a rúa da Igrexa entre Avenida Arcadio Pardiñas, rúa do Cancelo e rúa Fontela; a travesía do Río; a rúa Vilastrofe; rúa Pascual Veiga; e rúa Amoreiras.

Este plan, financiado exclusivamente con fondos das arcas locais, supón unha actuación estrutural que conta cunha grande inversión e pretende conservar as características funcionais das zonas.

## O PP critica o estado do peche das instalacións da escola dos Castros



O Grupo Municipal Popular de Burela denuncia o mal estado do peche das instalacións da escola infantil dos Castros, unha tarefa de "competencia exclusivamente municipal", inciden.

Os populares alertan de que "o seu pechamento está enferruxado e roto nalgún dos seus tramos" polo que o seu estado "non só é lamentable, senón incluso tamén perigoso". Deste xeito, fanse eco dunha denuncia veciñal que "xa é reiterativa tanto por parte dos veciños e usuarios da escola infantil coma do Grupo Municipal Popular".

O voceiro popular, Manuel Rouco, lembra que "estamos a falar dunha obra executada no último mandato do Partido Popular en Burela que apenas chega aos oito anos de vida e que coincide practicamente cos

anos que leva seguidos o señor Llano á fronte do Concello". Nese sentido, lamenta a falta de actuacións do goberno socialista para evitar que "neste período de tempo se fora deteriorando o perímetro da escola infantil como o fixo ano a ano".

"Ao estado lamentable do pechamento da escola infantil; hai que sumar as herbas que medran na beirarrúa pasa pegada ao pechamento e a falta de limpeza da finca interior da escola infantil onde é habitual que a natureza campe ás súas anchas sen que dende o Concello se tome ningunha medida", lamenta o popular.

Rouco pregúntase "para que tanto movemento millonario de remanente municipal para deixar tremendo as arcas municipais cando non son capaces de manter o que é de competencia municipal".



**CURSO 2022/2023**  
**Foz y Lourenzá**  
Reservar tu plaza para el nuevo curso  
...where English is fun!



SCAN ME

Reserva ahora!

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es







## Abre unha nova mostra na oficina de turismo

A Oficina de Turismo acolle ata finais de agosto a mostra *Mariñas, marosas e maruxainas*, formada por 16 retratos e outros tantos textos de traballadoras do mar e da terra, unha por cada concello da Mariña.

As fotografías, asinadas por Germán Limeres, Xosé Reigosa, Ignacio Castro, Nachok, e Lucía Sánchez, amosan o paso do tempo polas facianas e as mans de pescantinas, redeiras, mariscadores, percebeiras, empregadas de conserveiras, taberneiras ou labregas. Da mesma maneira, os textos, de autoría feminina, visibi-

lizan as historias de vida doutras mulleres anónimas.

A mostra forma parte do proxecto *Amar a mar*, coordinado pola xerente da Rede Museística Provincial Encarna Lago e impulsado pola Deputación polo 50 aniversario do Museo do Mar de San Cibrao, celebrado en 2021, que aborda, desde distintos enfoques temáticos, a importancia do mar na configuración cultural e material da comarca da Mariña.

*Mariñas, marosas e maruxainas* continúa así a súa itinerancia polos concellos da Mariña, despois de visitar Foz, Ribadeo e Barreiros.

## As festas patronais celebraranse este verán do 17 ao 21 de agosto

As festas patronais do Concello de Xove na honra a San Bartolo e á Virxe do Carmen celebraranse desde o 17 ao 21 de agosto.

As celebracións darán comezo o mércores 17 ás 20.30 horas co espectáculo *Un verso, un cantar* a cargo de Queiman e Pousa. Xa o xoves 18 a partir das 12.00 horas na praza do Concello haberá unha actuación de Teatro Ghazafellos e xa ás 20.30 horas será a lectura do pregón a cargo do director da Orquestra Clásica de Xove, Xan Carballal. Máis tarde a música chegará da man de Óscar Ibáñez & Tribo.

Na xornada do venres 19, ás 20.00 horas celebrarase unha gran sardiñada popular amenizada pola Charanga de Neda. Pola noite, gran verbena a cargo das orquestras Finisterre e América, que amenizarán a velada ata altas horas da madrugada.

O sábado 20, dará comezo a xornada con pasarrúas da Banda de Gaitas Marino Tapiega e os Cabezudos da asociación Saiñas de Xove. Ás 13.00 horas será a quenda da misa solem-



ne co Coro parroquial de Cervo e procesión acompañada da Asociación Cultural Saiñas. Ao finalizar os actos litúrxicos, sesión vermú a cargo da orquestra Solara, que tamén será a encargada de amenizar a verbena da noite acompañada da orquestra Charlestón.

O domingo pola mañá volverán os pasarrúas coa Banda Nosa Señora de la Misericordia e acto seguido os actos relixiosos co Grupo de Instrumentistas da Orquestra Clásica de

Xove e da Escola Municipal de Música de Xove. E despois a procesión novamente coa anda Nosa Señora de la Misericordia.

A orquestra Pontevedra pora a nota musical na sesión vermú e na verbena da noite acompañada de orquestra Olympus.

Por último o luns 22, festivo local, será o día adicado á infancia no que haberá inchables na praza na praza do Concello a partir das 17.00 horas.

**SUMOAS.** A parroquia de Sumoas festexará o San Antonio a vindeira fin de semana do 5, 6 e 7 de agosto.

Esta cita festiva comezará cunha gran churrascada o venres 5 de agosto e cunha verbena a cargo do grupo trio Bahía e o grupo La Gira.

Ao día seguinte, trala misa solemne das 13.00 horas e a procesión, o dúo Platino amenizará a sesión vermú e tamén a verbena nocturna xunto co grupo Tania Veiras.

O último día, o domingo 7, tan só haberá sesión vermú como colofón a cita festiva co dúo Carpe Diem.

## Mellorado o vial que une Canelas e Portocelo coa LU-2601

O Concello de Xove vén de comunicar que investiu 12.064,70 euros na mellora do vial a Canelas e Portocelo. Esta obra foi posible gracias ao Plan Único da Deputación 2021 que investiu 185.165,30 euros.

A financiación, compartida polo Concello e a Deputación, sumou un total de 197.000 euros e consistiu en acondicionar e mellorar o vial que une os dous núcleos coa estrada provincial LU-2601.

Trátase dun vial de 1.980 metros, cunha anchura media de algo máis de 3 metros, moi usado e con bastante tráfico, mesmo no verán onde é moi utilizado polas autocaravanas. Debido a súa antigüidade o pavimento atopábase moi deteriorado presentando estreiteces en algúns tramos.

Resumidamente, a actuación neste vial consistiu primeiro nunha limpeza de todo o vial, para pasar posteriormente a darlle unha capa de asfaltado en quente; posteriormente dotouse a estrada cunha cuneta de 60 cm revestida de formigón. A actuación rematou coa completa sinalización horizontal e vertical, a cal acaba de finalizarse.

Grazas a esta actuación pasou a ter



5 metros de ancho, fronte aos 3 metros iniciais, dotando tamén o vial con algunhas zonas de sobreancho. Esta obra, que conta cun investimento importante de 197.230 euros, vai permitir unha maior comodidade e unha mellor seguridade nos desprazamentos.

**PORTOCELO A VILAPOL.** O Concello de Xove vén de informar do acondicionamento e mellora do vial praia de Portocelo a Vilapol. Esta obra parte dun convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Xove para realización de obras de infraestrutura rural.

Tivo por obxecto o acondicionamento e mellora do vial que une a estrada municipal Portocelo-Canelas co núcleo de Vilapol. O pavimento da mesma atopábase deteriorado debido a súa antigüidade e uso, así como ás inclemencias meteorolóxicas; daí a súa necesidade de rehabilitación.

O vial, que ten unha lonxitude de 912 metros, foi obxecto dunha nova pavimentación cunha capa de rodadura de asfalto en quente. Agora pasa a ter 4 mts. de ancho con varias zonas de sobreancho. Para rematar esta importante obra, procedeu-se á sinalización horizontal (pintado) e vertical (sinais verticais) da mesma.

## Aberto o prazo para solicitar as distintas axudas ao estudo

O Concello lembra que o prazo para solicitar as axudas a estudantes do municipio pechará o 5 de agosto.

Na web do Concello ven toda a información necesaria de cómo solicitarlas e a documentación que hai que aportar.

Estas bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do aloxamento, comedor e transporte.

Haberá tres categorías, as de comedor, para estudantes de ensinos en centros públicos da comarca da Mariña que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus horarios, cando ditos estudos, aos que se refiren as presentes bases, non sexan impartidos nos centros de ensino do Concello de Xove.

As axudas para estancias para estudantes universitarios en universidades españolas, de ciclos formativos que non existan na comarca, e de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores.

As de desprazamento serán para estudantes que cursen estudos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, cando o seu horario escolar non sexa compatible coa liña

regular de transporte de viaxeiros, de ciclos formativos en centros da Mariña Lucense, agás os recollidos no punto anterior, que cursen estudos existentes en San Cibrao ou Burela, e que ao regreso só dispoñan de transporte regular ata Xove e non ata a súa parada de orixe, por incompatibilidade da liña de transporte de viaxeiros, de ciclos formativos que non existan na comarca, de ensinos artísticos, profesionais e superiores e de ensinos deportivos, profesionais e superiores e estudantes universitarios en universidades españolas.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva no Concello.

A renda per cápita familiar non poderá superar 7.500.-€/renda per cápita para axudas de comedor, e para as de transporte e estancia non haberá límite.

Para ter dereito ás axudas para gastos derivados de estancia e de desprazamento, os/as estudantes deberán presentar o boletín de notas ou certificado do centro educativo de terse presentado alomenos ao 50% das materias correspondentes a matrícula.

# “Queremos manter nas escolas toda a diversidade deportiva”

José Manuel Blanco González é o presidente e tamén fundador da ACD Xove

**Quen se atopa ao fronte da asociación?**

O fronte da ACD Xove, encontrase unha serie de pais, que alá polo ano 2002, decidiron crear a entidade, para darlle o Concello de Xove unha variedade deportiva e cultural, con destino a nenos de entre 3 e 18 anos.

**Quen é o presidente?**

Son eu o presidente e fundador da entidade, Jose Manuel Blanco González, e o único directivo cofundador xunto co presidente e que forma parte da actual Directiva, é o tesoureiro, Ovidio Rouco Otero. O resto de xunta directiva está formada por: Francisco J. López Fernández como secretario, Miguel Fra Fra como vicepresidente, e Inés Díaz Campo, Oscar Mejuto Pardo, José Ángel García

González como vogais.

**Canto tempo leva no cargo?**

O actual presidente e tesoureiro levan 20 anos, pois a ACD Xove, fundouse estatutariamente o día 12 de xuño de 2002.

**Cales eran os primeiros obxectivos?**

Pois ao principio queríamos unha maior diversidade deportiva e cultural. Ademais a idea era tamén crear unha gran entidade deportiva que poidera satisfacer todos os intereses dos veciños de Xove.

**Que tipo de actividades fan?**

Contamos con escolas deportivas e culturais, e tamen organizamos toda clase de eventos deportivos. E temos escolas deportivas de:



atletismo, bádminton, baloncesto, fútbol sala, karate, patinaxe, tenis de mesa, xadrez, xogos predeportivos, pilates, fitdance, surf, e tamen con escola de teatro e escola de pintura. Tamén temos un grupo de senderismo composto por mais de 100 persoas. E organizamos tamén eventos deportivos como carreiras populares, Día da Bici, XoveCostaTrail, etc....

**Cantas persoas forman a asociación?**

A asociación esta formada por unhas 200 familias asociadas, as cales pagan unha cota mensual de 10 euros, que se pagan de forma semestral, e lles da acceso a todas as actividades que a súa idade llo permita.

**E de nenos participantes?**

En total son uns 230 alumnos os que participan este ano nas actividades.

**Cantas categorías hai no club actualmente?**

As categorías son de nenos desde os 3 anos ata os 18. Tamén temos actividade para adultos, como pintura, sendeirismo, pilates...

**Cales son os obxectivos hoxe en día?**

Os obxetivos son os de manter a actividade en todas as escolas, e seguir tendo unha ampla diversidade deportiva, para que todos os nenos poidan ter a súa oportunidade.

**Como se mantén unha asociación como esta?**

A ACD Xove, mantense coa cota de socios, cunha subvención municipal do Concello de Xove, e cas donacions de varias casas ou entidades comerciais da comarca. A asociación ronda un orzamento de preto de 50.000 mil euros.

**Como se presenta a vindeira tempada?**

A vindeira tempada esperamos seguir na mesma liña de traballo e contar con equipos de competición en fútbol sala, baloncesto, patinaxe, atletismo, bádminton, tenis de mesa, xadrez, así como organizar unha nova edición do XoveCostaTrail.

## A feira de gando de Isidoro de Monte celébrase o 24 de agosto

O vindeiro sábado, 24 de agosto, coincidindo co día de San Bartolo, terá lugar a tradicional Feira de San Bartolo, en San Isidoro de Monte, no sitio coñecido como Penasagudas do Concello de Xove.

A organización deste inmemorial evento corre a cargo da Comunidade de Veciños Costa de Laxamouza, e a Feira conta co importante patrocinio do Concello de Xove e a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

O programa da feira comezará ás 10.00 horas coa recepción do gando no Campo da Feira, seguirá ás 13.00 horas coa misa solemne na Igrexa Parroquial de San Isidoro e a sesión vermú con José Anido quen tamén será o encargado de poñer a música na verbena das 17.30 horas.

No que respecta ao Concurso Gandeiro que se vai celebrar pola mañá, haberá dúas modalidades, A, maior número de reses vacunas na Feira e, B, maior número de reses cabalares na Feira.

Ambas categorías terán premios para os seis primeiros clasificados sendo 90 euros para o primeiro, 70 para o segundo, 50

para o terceiro, 40 para o cuarto, 30 para o quinto e 20 euros para o sexto.

Todos os participantes no Concurso Gandeiro deberán levar a carta de sanamento no caso de gando vacún e microchip e libro de gando cabalar.

Xa pola tarde, haberá Concurso de marcha a partires das 17.30 horas, con premios para os tres primeiros clasificados en cada unha das dúas modalidades, Cruzados e Trotós. Serán 90 euros para o primeiro, 70 para o segun-



do, e 50 para o terceiro.

Para poder participar no Concurso de Marca, os cabalos deberán estar asegurados con seguro de responsabilidade civil e autorizados para este tipo de proba.

## O programa Xove Concilia Verán está a ser un éxito

A medida de conciliación Xove Concilia Verán comezou o pasado 27 de xuño cunha participación inicial de 61 persoas, e vai durar ata o 6 de setembro, cunha oferta total de 190 prazas que se irán cubrindo segundo se vaian incorporando nova actividades.

Dende as 9:00 ata as 14:00 horas os nenos e nenas participan en diferentes actividades, como manualidades, xogos tradicionais, pintura, contacontos, saídas polo concello,... Hoxe, mércores, puideron disfrutar dun espectáculo de circo e clown pola igualdade de xénero.

vegadeo

## As festas patronais contarán con máis de 6 orquestras

As festas patronais do Concello de Vegadeo celebraranse os días 13, 14, 15, 16 e 21 de agosto, aínda que xa o sábado 6 poderase disfrutar da tradicional Noite Celta coa música de Alejandro Martínez. A xornada do sábado 13 contará con dúas orquestras para a verbena da noite, o grupo Bomba, a mellor orquestra canaria do momento, e a disco Decibelios. A noite do domingo 14 será a quenda de Marbella e o concerto de Nadye como prelude para os fogos de artificio das 00.30 horas.

A cita do luns 15 contará coa París de Noia e a discoteca La Mega CDC, e o martes 16 serán o Grupo Beatriz e de novo la discoteca La Mega CDC os encargados de poñer a nota musical.

Por último, o domingo 21 de agosto celebrarase a Xira campestre no Noveledo, que contará coa música de Alejandro Martínez.

Dende a organización lembran que do 12 ao 15 de agosto contarán con servizo de polbo a cargo de Pulpería Lucus.

**ROBÓTICA.** O recinto feiral de Vegadeo acollerá unha actividade



de robótica e programación Lego para o vindeiro mes de agosto. Neste curso aprenderase sobre realidade virtual, manexo de drones, deseño 3d e tecnogames e as prazas son limitadas polo que compe anotarse canto antes na we do Concello.

Haberá dúas quendas de 10.00 a 12.00 horas para nenos de 5 a 8 anos e de 12.00 a 14.00 horas para maiores de 9 anos.

As datas de realización de este interesante curso será os xoves de agosto, 4, 11, 18 e 25 e estará impartido por Magdius Formación.

# A vila de San Cibrao terá unha nova praza no barrio da Atalaia

Está previsto xa o acondicionamento dunha praza no barrio da Atalaia, tal e como establece o acordo suscrito pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde, Alfonso Villares.

Esta actuación urbanística ten como obxectivo derrubar unha edificación para transformar ese espazo nunha praza coa que se ampliarán os espazos públicos do concello. Ademais, prevese a posible utilización do soto como un futuro aparcamento. As obras disporán dun investimento total de máis de 536.000 euros, do que a Xunta achegará o 70% e o concello, o 30%.

O proxecto pretende conservar os muros de contención, que, xunto cunha serie de piares, servirá de apoio para un forxado reticular que soporte o uso público e os elementos de xardinería. A decoración da praza

terá como referentes a caza das baleas e a cerámica de Sargadelos. De feito, o novo muro e o banco corrido revestirase cun mural con restos de cerámica. Ademais, o desnivel da zona noroeste salvarase cunhas gradadas que permiten contemplar a zona arqueolóxica do outro lado da rúa.

A zona axardinada representará unha balea feita con lombeiros de terra vexetada. A balea delimitarase con aceiro corten. A maiores, demoleráse a beirarrúa do lateral nordés e pavimentarase igual que a rúa.

As tarefas de reforma acometeranse ao abeiro do plan Hurbe, un programa que este ano conta cun orzamento reservado de 7 millóns de euros e que o Goberno galego promove desde hai máis dunha década para axudar ás administracións locais a executar este tipo de proxectos.

Cómpre lembrar que este plan reflicte o compromiso da Xunta á hora de

ofrecer o seu apoio ás entidades locais e promover actuacións que, na liña do acondicionamento previsto para Cervo, contribúen a dinamizar as vilas galegas por medio da mellora dos seus equipamentos e servizos públicos.

**LIMPEZA DE VÍAS.** O Concello de Cervo vén de urxirle por escrito á Deputación provincial que acometa as tarefas de roza e acondicionamento das vías que son da súa titularidade e que “xa iniciado o verán, presentan unha imaxe de absoluto abandono” xa que “están completamente invadidas pola maleza”.

Desde a administración local non se explican como a estas alturas do ano as estradas da Deputación presentan este aspecto descoidado “e non estamos a falar dun feito puntual, senón que é un feito recorrente que se repite verán tras verán”.

## Acondicionan a vía que vai desde Rego de Outeiro ata a Carcova

O Goberno local está a acondicionar o camiño rural que vai desde Rego de Outeiro ata a Carcova, na parroquia de Rúa.

O alcalde, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e a delegada de Obras e Infraestruturas, Mali Méndez, achegáronse ata a zona, onde na compañía do pedáneo Ramón Elemparte, supervisaron os traballos que se están a executar xa na zona.

O proxecto contempla a reparación da capa de rodadura do camiño coa fin de facilitar a accesibilidade ás parcelas establecidas nesa zona. Realizarase – tamén – a apertura de cunetas para favorecer a drenaxe e a evacuación das augas pluviais do camiño, farase unha limpeza manual dos caños existentes e, por último, executarase uns pasos de salva para dar acceso ás parcelas ás que da acceso o camiño.

O orzamento desta execución elévase ata os 47.742 euros, que correrán a cargo do remanente das arcas municipais.

Apunta o alcalde, Alfonso Villares que “esta actuación vai mellorar a accesibilidade no camiño rural que vai desde Rego de Outeiro ata a Carcova, favorecendo o paso para os veciños e veciñas ás parcelas situadas na súa contorna”.

## 125 nenos participan nunha nova edición de Cervo Concilia



O Concello de Cervo ten en marcha unha nova edición de Cervo Concilia, na que participan 125 nenos e nenas.

O rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Educación, Dolores García Caramés, que coordina o programa municipal, mantiveron un encontro con todas/as as crianzas e co persoal docente que se encarga de impartir as clases e as actividades, que forman 10 monitores/as e 6 persoas voluntarias.

Villares destacou o esforzo que se fai desde administración local para poder dar cobertura ao 100% das crianzas, para tratar de colaborar en todo canto está na nosa man coas familias e súa conciliación nesta época de descanso escolar. Estamos a falar dunha edición de récord –con 125 inscritos/as– o que

require dunha loxística e dunha organización previa importante “para poder ofertar un servizo integral e de calidade para as familias, que logramos estender ata o 7 de setembro, “cubriendo o total das vacacións escolares”.

Caramés avanzou algunhas das actividades que englobara “Cervo Concilia”, que volverá contar cun completo abano de propostas lúdico, culturais e educativas “pensadas para entreter ás crianzas, sen deixar de lado a aprendizaxe”. Así, haberá talleres de teatro, rutas de sendeirismo, actividades acuáticas, diferentes obradoiros, moito deporte; unha ampla variedade de actividades multidisciplinares “para gozar e aprender en grupo nesta época de lecer”.

## Volverá a Maruxaina o día 13 de agosto

O Concello de Cervo celebrará a XXXV Festa da Maruxaina o sábado 13 de agosto. Ese día serán os actos centrais, pero xa o venres terá lugar a Pre-Maruxaina co gran chupinazo ás 19:00 horas, seguido da concentración na Praza dos Campos, onde haberá degustación de empanadas típicas galegas e bolos preñados. Ás 21:00 horas está previsto o nomeamento do/a Maruxaino/a de Honra 2022, a cargo da Asociación Amigos da Maruxaina.

Xa o sábado, 13 de agosto, será o día grande, que estará animado desde primeira hora polo ritmo de diferentes charangas e gaiteiros. Á tardiña están previstos, como viña sendo tradición, os xogos populares na praia.

Xa ás 23:00 horas será o desembarco da Maruxaina na Praia do Torno. Durante o traxecto as persoas asistentes poderán gozar dun

espectáculo de fogos de artificio. Ás 00:00 horas terá lugar o gran xuízo popular, seguido dunha degustación de balde de queimada na Praza dos Campos.

A continuación, haberá verbena na Praza dos Campos. Desde o venres 12 de agosto, a partir das 15:00 horas ata o domingo 14, ata as 15:00 horas, por motivos de seguridade e co único fin de facilitar o bo discorrer da festa, o Concello de Cervo realizará modificacións e restricións no tráfico rodado de San Ciprián.

En concreto estará cortado todo o acceso rodado na avenida da Mariña, rúas Aduana, Campos, Torno, Beiramar, Caosa, Hospital, Miramar, Anxuela, Coto e Penamea; prazas do Lugar e Penal; e zona do Porto de Arriba. Estes cortes terán a excepción dos vehículos con pase, de emerxencias, reparto e servizos municipais.

## Convenio para a construción da nova pista de atletismo

O Consello da Xunta vén de aprobar o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Cervo, para a renovación das pistas de atletismo das instalacións deportivas da Veiga cun investimento total de 560.000 euros. Neste sentido e a tenor do acordo autorizado, a Secretaría Xeral para o Deporte achegará o 62,5% da totalidade do importe (350.000 euros), mentres que o Concello de Cervo achegará o restante 37,5% (210.000,00 euros). Cómpre salientar que grazas a esta actuación Galicia contará coa primeira pista de atletismo homologada da comarca da Mariña.

As obras contarán con tres vías de

actuación que serán as obras de renovación completa da pavimentación da pista con material sintético homologado prefabricado para exteriores, a mellora da rede de saneamento e a evacuación de augas e a instalación de salto de pértega, carreiras de obstáculos, salto de altura, salto de lonxitude e triplo salto e lanzamento de peso.

As instalacións deportivas da Veiga, ademais das nomeadas pistas, contan cun pavillón polideportivo e destacan pola idoneidade da súa localización xa que non dista máis de 20 minutos da metade da poboación de toda a Mariña, que suma, no seu total 70.000 habitantes.



**NOVA PISTA DE SKATE.** A nova pista de patinaxe con obstáculos elevados e con formas tipo mini ramp de San Cibrao foi inaugurada cunha exhibición de patinaxe. O alcalde, Alfonso Villares, dixo que “con este novo espazo enriquecemos a oferta deportiva e de lecer do noso municipio, que suma novas infraestruturas como lugares de encontro para a mocidade”.

## O pago dos intereses pendentes obriga a renunciar a obras

O Pleno do Concello de Barreiros debateu unha proposta da Alcaldía necesaria para consignar o crédito suficiente no orzamento para facer fronte ao pago dos intereses derivados dos costes xurídicos do antigo goberno en diversos procedementos xudiciais.

A alcaldesa explicou que esta modificación era precisa porque non se contemplaron inicialmente “en previsión de poder afrontalos no vindeiro exercicio, xa que a intención inicial da corporación – aprobada en pleno cos votos do Partido Popular- era fraccionar os pagos mensualmente para non afectar á tesourería municipal.”

A non aceptación deste acordo e a súa impugnación xudicial por parte dos representantes do PP, algúns deles presentes no pleno, supuxeron un auto xudicial que obriga a afrontar a totalidade do pago superior a 116.000€ nun único pago-, polo que foi preciso cambiar os orzamentos para facer fronte a eses máis de 6.000€ de intereses que non permitiron agardar ao vindeiro exercicio



económico.”

Neste sentido, explicou a rexedora, “a importancia da cantidade afecta notablemente ao día a día municipal, polo que se debe renunciar a determinados investimentos, atrasalos ou mesmo pospoñelos para outros anos.”

O caso máis evidente, e do que se deben retirar máis de 5.000€ para adicalos aos intereses, é o arranxo do lavadoiro público do Santiño, que contaba cunha subvención do

Instituto de Estudos do Territorio de Galicia á que tamén se ven a obriga de renunciar por non poder contar coa parte que lle correspondería ao municipio. Tamén sufrirá atrasos a execución do plan de rebacheos municipal, que se prevía levar a cabo durante os meses de verán e que deberá agardar a contar con liquidez; “xa que facer fronte a un importe tan elevado nun concello coma Barreiros nun único pago é un imprevisto que fai abanear a tesourería municipal”.



## Sogama adxudica as obras de mellora da planta de transferencia

Sogama adxudica por máis de 116.000 € as obras de mellora da planta de transferencia de Barreiros ás que se destinarán un orzamento de 116.519,02 euros.

O contrato, que foi adxudicado á empresa Gestal y López, S.L, estipula un prazo de execución de 7 semanas. Terá como fin optimizar a operativa e as prestacións desta instalación. Para iso, levarase a cabo a construción dun novo aparcadoiro de contedores dotado con cinco prazas —o actual, que será demolido, conta con dúas—, das cales catro estarán cubertas, destinándose a albergar

contedores cheos, mentres que a praza restante se reservará para os baleiros.

A obra contempla tamén a execución dunha nova rede de captación de augas residuais do aparcadoiro e outra de bombeo ata a EDAR da propia planta de transferencia, a drenaxe de augas pluviais, a chaira de manobras de contedores —cada un conta con capacidade para 43 m3—, xunto coa instalación dunha barreira de seguridade no perímetro exterior da mesma, e a propia para o depósito do efluente depurado.

## Nova edición do Festival Folclórico Internacional do Emigrante de Barreiros

Nova edición do Festival Folclórico Internacional do Emigrante, que este ano contará coa participación de grupos folclóricos chegados de Xeorxia e México.

O evento celebrarase no campo de fútbol das Valgas, na parroquia de San Miguel de Reinante no Concello de Barreiros os días 5 e 6 de agosto ás 22.00 horas.

O venres 5 celebrarase unha gran foliada a partir das 21.00 horas e o sábado 6, a partir as 22.00 horas celebrarase o o XXXIX Festival Folclórico Internacional do Emigrante.

Este ano daranse cita as formacións folclóricas de Xeorxia, The Ensemble University Flying Georgians; de México Compañía de Danza Folclórica Tierras Mexicanas e por suposto a agrupación local Folclórica O Arco dá Vella de San Miguel de Reinante.

Neste festival adoitan participar numerosos grupos de danza e música folclórica galega que se reunen cada ano o primeiro sábado de



agosto na parroquia de San Miguel de Reinante para participar neste festival, que naceu fai máis de trinta anos, organizado pola Asociación Folclórica O Arco da Vella.

O Festival Folclórico Internacional do Emigrante adquiriu a categoría de Festa de Galicia de Interese no ano 2007 grazas a se singularidade, o valor cultural que representa e o seu arraigamento.

## Tres citas lúdicas

**RETROCLÁSICOS.** A organización da II Concentración Retroclásicos Barreiros informou que xa está aberto o prazo de inscrición para a participación nesta cita.

Os automóviles clásicos volverán a Barreiros en agosto, así o confirmou a organización da concentración de Retroclásicos.

Está cita está confirmada para o 27 de agosto e volverá mudar de ubicación para situarse na praia de Coto, en San Pedro de Benquerencia. Hai prazas limitadas de participación polo que será necesario anotarse antes do 23 de agosto. O prezo é de 25 euros por adulto e 15 para nenos menores de 15 anos. O servizo de comida no restaurante A Yenka.

Haberá trofeos para o piloto máis veterano, o máis lonxano, o máis novo, o coche máis antigo, a moto máis antiga, o máis orixinal e o club máis numeroso.

**HOLI WAVE.** AC Os Macanudos, de Barreiros pon en marcha unha nova edición da Holi Wave.

Esta proba, que será o 20 de agosto, non está cronometrada e poderase ir correndo, andado, disfrazado, vestido de voda, como ti queiras, propón cubrir 5 quilómetros men-

tres unha choiva de cor irá tinguindo aos participantes con pos, para terminar, ao final da carreira, cun gran festival de música e cor para os participantes.

O po Holi utilizado está formado de materias primas naturais, non é tóxico e é totalmente seguro e biodegradable. O seu único cometido é vestir Barreiros de todas as cores do arco iris e tinguir aos participantes desta divertida carreira.

**FESTA DO OVO FRITO.** A IV Festa do Ovo Frito de San Cosme de Barreiros terá lugar no campo de fútbol do Cascabeiro o vindeiro domingo 14 de agosto.

Esta cita gastronómica celebrarase como é tradicional o día 14 co obxectivo de recadar fondos para o Celta Barreiros así como pasar unha boa noite de festa.

Dará comezo ás 19.30 horas e será posible degustar patacas fritas, un par de ovos, un chourizo, pan e bebida. A noite contará con animación musical a cargo de Son's Varadero e disco móbil Eventec.

Para asistir será necesaria a compra dun ticket no centro social ou aos membros da organización por un prezo de 10 euros por persoa o mesmo día e 8 euros anticipada.

## Protesta do PP por “non estar lista a área recreativa da Angueira”

O voceiro do Grupo Municipal Popular de Barreiros, José Manuel Gómez Puente, lamenta que “a estas alturas do verán aínda non estea acondicionada a área recreativa da Angueira” e, polo tanto, urxe á alcaldesa e ao goberno local nacionalista a xestionar canto antes as tarefas de roza e limpeza desta zona.

“Despois dunha fin de semana na que aproveitando o bo tempo, moita xente visitou os areas de Barreiros, esta área recreativa continúa aínda sen roza e en malas condicións. A herba está moi alta e imposibilita o espaxamento dos veciños e visitantes”. Así, o popular condena “a total falta de interese do goberno local por xestionar a limpeza destes espazos públicos”. Gómez Puente explica que se trata dunha área “concorrida por moitos veciños e familias con nenos que acoden á praia da Angueira aproveitando a súa tipoloxía; xa que se trata dunha praia de ría, sen olas, moi tranquila e resgardada do vento do norte”.

O Grupo convida tamén á alcaldesa a xestionar a limpeza das pintadas existentes no inmoble que alberga os aseos desta área recreativa.

## Continúa o Ludiverán e as festas e actividades

Continúa o campamento Ludiverán-Xogando en igualdade para nenas e nenos de 3 a 12 anos. Un éxito de acollida con todas as prazas dispoñíbeles cubertas.

No mes de agosto terán actividades tan como unha excursión á Lonxa de Celeiro onde coñecerán o mundo mariñeiro e se fomentará o consumo de peixe, así como a visita ao Servizo de Salvamento Marítimo, helicóptero incluído.

Ademais haberá dous días de Educación vial en colaboración coa DGT nos que se instalará no pavillón municipal un circuíto con sinais, semáforos, pasos de peóns, e nos que os participantes serán condutores e tamén peóns. Tamén haberá consumo responsable, educación ambiental en colaboración co Ceida e Sogama, deporte, xogos, manualidades,...e rematarán o venres 26 cunha festa acuática na piscina municipal.

Por outra banda, o 14 de agosto terán lugar, un ano máis as Actividades Fluviais da Deputación de Lugo. Alfoz é un dos dez concellos nos que se poderá disfrutar de inchables acuáticos, kaiaks, paddle surf, etc. no entorno do río Ouro en Carballido. Está dirixido a todas as idades, destacando a participación dos máis novos.

### Alberto Souto Franco, asume a presidencia da xestora do PP

A dirección provincial dos populares acaba de nomear presidente da xestora do PP de Alfoz a Alberto Souto Franco. Souto Franco é unha persoa moi coñecida no municipio ao ser un dos propietarios dunha empresa do sector forestal en Alfoz.

Este nomeamento enmarcase dentro da normalidade orgánica do partido co obxectivo de que esta xestora traballe para que a agrupación local chegue totalmente reforzada aos comicios municipais.

Souto Franco di que se dá un mes de prazo para ter totalmente conformada a xestora do partido. O seu obxectivo neste sentido é que nela haxa unha ampla representación do partido en Alfoz.

O presidente da xestora sinala que o súa labor terá como liña principal traballar en positivo por Alfoz e estar preto dos veciños para defender os seus intereses. O obxectivo é que o PP chegue ás eleccións do 2023 forte e unido para conseguir un cambio de rumbo neste municipio.

**TEATRO.** O venres 12 de agosto o salón de actos da casa da cultura acollerá un espectáculo a cargo do Club de Teatro Elsinor. Será a partir das 20.30 horas e nesta ocasión presentarán a súa obra *Materna*, dirixida por Xesús Pisón e con Manuel Lourenzo xunto a un elenco de actores e actrices afeccionados da zona.

**CARBALLIDO.** Un ano máis celebrárase a festividade relixiosa na honra a San Roque na parroquia de Carballido os días 16, 17 e 18 de agosto.

Así, o martes 16 de agosto, comezan as festas de San Roque, a partir das 13.00 horas coa celebración da misa solemne e procesión. Ao finalizar, sesión vermú a cargo do grupo Pasión, que tamén será o encargado de amenizar a verbena da noite.

O mércores 17, ás 13.00 horas oficiárase a misa solemne en honra ao santo con procesión. O grupo Eureka será a encargada de poñer a nota musical na sesión vermú e na verbena da noite.

Durante a última xornada festiva, a do xoves 18, os asistentes poderán acudir a unha gran churrascada a partir das 21.00 horas. Ao finalizar, verbena fin de festas a cargo da orquestra Kubo e a discoteca móbil de Eventec..

## O Mercado Medieval “consolida A Mariña como destino turístico”



A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, participou na inauguración do Mercado Medieval de Alfoz. A Deputación de Lugo apoiou un ano máis este encontro coa historia cunha achega de 7.500€ a través do Plan Único. “Dende a Deputación, imos colaborar sempre cos concellos en iniciativas coma esta, que poñen en valor o noso rural, as nosas tradicións”, apuntou a deputada.

Mayra García subliñou que “festas como o Mercado Medieval

de Alfoz axudan, ano tras ano, a consolidar a comarca da Mariña e o conxunto da provincia de Lugo como un dos destinos turísticos preferidos, tanto polos visitantes nacionais como internacionais”. Trátase, asegurou a Deputada, dunha “fermosa cita coa nosa historia, coa nosa cultura, que serve, ao mesmo tempo, para impulsar o noso futuro porque, sen dúbida, a gran cantidade de xente que atrae o Mercado, dinamiza a actividade económica deste concello, da hostalería, do comercio e do turismo”.

## Licitadas as obras de monitoraxe enerxética na depuradora

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitou por 101.060 euros, as obras necesarias para a implantación de sistemas de control de efluente e monitoraxe enerxética na estación depuradora de augas residuais do Concello de Alfoz.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia publicou a contratación desta actuación, que optimiza o seguimento no rendemento do tratamento das augas da depuradora. As empresas interesadas nesta intervención, que conta cun prazo de execución de 3 meses, poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro día 2 de agosto.

As actuacións obxecto deste contrato comprenden a instalación de caudalímetros e variadores de frecuencia, a dotación dun sistema de monitoraxe enerxética e a implantación dun sistema de medida en continuo da calidade do efluente da depuradora municipal.

Máis en detalle, dentro das actua-



cións proxectadas pola entidade hidráulica da Xunta, prevese a instalación dun caudalímetro que permita cuantificar a auga tratada á saída da planta depuradora. Na actualidade o caudalímetro instalado atópase á entrada do reactor biolóxico, polo que non ten en conta a recirculación que se produce do decantador secundario ao reactor.

Dentro das obras inclúese, tamén, a instalación na depuradora dun sistema de monitoraxe enerxética co que se poderá facer o seguimento

dos consumos enerxéticos por volume de auga tratado, do volume bombeado, así como dos consumos enerxéticos do pretratamento, o tratamento secundario por carga e o tratamento de lodos pola cantidade de residuo xestionado.

O contrato de conservación e mantemento desta depuradora municipal foi prorrogado o pasado mes de maio para os dous vindeiros anos, e supón un investimento total da Xunta de máis de 2,5 M€ desde o ano 2005.

## O PSOE pregunta pola ubicación do punto limpo e polo custe dun concerto

O Grupo Socialista pola ubicación do Punto Limpio, tamén polo custe da produción do concerto de Café Quijano e polos pasos que está dando o concello en relación a denuncia da empresa que realizou melloras na Casa da Cultura, á que lle rescindiron o contrato.

Os socialistas explican que o Concello solicitou unha subvención de 261.000 euros para a construción dun punto limpo na vila cun orzamento de 350.000 euros. Preguntaron cal sería a posible ubicación deste espazo, e a contestación por parte do alcalde foi que “non se sabe”.

Ademais neste pleno tamén intere-sáronse polos custes de produción do concerto de Café Quijano, que se celebrará o 17 de setembro, na praza do Seminario. Segundo explicaron o concerto non ten ningún custe para as arcas públicas municipais, “xa que está financiado polo Xacobeo”.

Tamén interpelou ao Goberno Local sobre o procedemento xudicial que mantén o Concello coa empresa Sunne Galiza SLU, que foi a encargada de realizar parte do proxecto de acondicionamento de locais e salas polivalentes para uso deportivo na Casa da Cultura, á que se lle rescindiu o contrato porque non cumpriu coas súas obrigas. Por este motivo o concello de Mondoñedo perdeu a subvención íntegra deste proxecto cun importe total de 96.800 euros.

Os servizos xurídicos do Concello avanzaron ademais que a nova empresa adjudicataria tampouco cumpriu os prazos previstos, e polo tanto haberá que facer unha nova licitación deste proxecto.

## Programaron varias actividades lúdicas para nenos en agosto

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo prepara para o mes de agosto diferentes actividades lúdicas para os nenos.

Esta programación estival xa comezou coa actividade Chuches Amil e continuará o 19 de agosto chegará á praza do Concello e ás 19.00 horas Pakolas, rockeando con Ramona Órbita, a dona do tempo.

Xa o día 29 será a quenda da ludoteca ás 12.00 horas no recinto do colexio público Álvaro Cunqueiro Mora no que se poderá disfrutar de Cine Bella e o Circo Máxico. Esta actividade ten aforo limitado polo que será necesaria a previa inscrición chamando ao teléfono 982 524 003.

## Mondoñedo presenta o XXX Mercado Medieval

Presentouse na praza da Catedral de Mondoñedo a edición XXX do Mercado Medieval que no presente ano terá lugar nos días 12, 13 e 14 de agosto, venres, sábado e domingo respectivamente.

Na presente edición recupérase a normalidade na celebración desta festa de Interese Turístico Galego que ademais é das máis antigas do seu xénero en Galicia. Dende o Concello de Mondoñedo queren invitar a todo o mundo a que veña a celebrar esta nova edición do Mercado Medieval.

Por outra banda os organizadores están a promocionar as vodas medievais polo rito mozárabe ou a buscar participantes para ser merina ou merino no Mercado.

O ano pasado Mondoñedo celebrou o XXIX Mercado Medieval cunha edición simbólica os días 13, 14 e 15 de agosto. Unha edición que aínda estivo marcada pola pandemia polo que contou cun protocolo de seguridade, co



fin de cumprir totalmente as medidas sanitarias de prevención fronte aos contaxios da covid-19. Polo tanto, non houbo actividades de degustación gastronómica e existiu unha ambientación simbólica cun marcado carácter histórico e cultural que incluía actividades na praza da Catedral.

## Críticas do abandono da estación de autobuses



O BNG de Mondoñedo vén de comunicar o abandono que presenta actualmente a estación de autobuses de Mondoñedo.

No último Pleno realizado a finais de xullo o BNG presentou un rogo para esixirle ao equipo de Goberno medidas urxentes tanto humanas como técnicas para solventar este problema.

“O que se pode ver hoxe na esta-

ción de autobuses non é un caso illado e noutros espazos públicos do noso concello como pode ser a Cemiterio Vello tamén pasa”, din os nacionalistas mindonienses.

O BNG local condea este tipo de comportamentos incívicos pero bota en falta desde o goberno municipal a adopción de medidas perversivas que atallen este tipo de cuestións.

## Adxudicada a mellora da seguridade peonil na antiga N-634

Vén de adxudicarse a mellora da seguridade viaria peonil na antiga N-634 a Sergonsa Servizos SL por valor de 261.939 euros. Esta actuación, que se enmarca no convenio asinado pola entidade local e a Xunta de Galicia, a través das Axencias Galega de Infraestruturas e de Turismo de Galicia, permite cumprir un dos obxectivos do goberno local de acondicionar este treito, situado en pleno Camiño Norte, pero que carece de iluminación, de beirarrúas e de beiravías. Esta obra é unha débeda histórica que permite ganar en seguridade e tamén mellorar esteticamente unha das entradas da cidade e do camiño norte. As obras prevén o seu inicio a finais de agosto.

Deste xeito, o goberno local dá continuidade ao seu compromiso de seguir acondicionando os espazos da localidade, sobre todo, aqueles que precisan unha actuación urxente como é este caso. Segundo rexe o acordo, a achega económica dos organismos autonómicos efectuarase en dúas anualidades.

## Licitada a restauración dunha capela do convento de Alcántara

A Xunta acometerá obras na capela da Venerable Orde Terceira do antigo convento de Alcántara, na que a Xunta vai a acometer distintos traballos de restauración.

O titular de Cultura anunciou que as obras se atopan en fase de licitación por 213.400 euros. As actuacións consistirán en corrixiar patoloxías e mellorar o estado de conservación. Corrixiranse non só deficiencias relacionadas con problemas de conservación estrutural, senón tamén estético, e as humidades causadas pola falta de ventilación. Os traballos crearán un ambiente axeitado para a preservación dos elementos máis valiosos da capela, principalmente controlando o grao de humidade e mellorando a ventilación. Tamén se eliminarán os revestimentos de cemento e, en canto ao cumio, substituirase o actual por un de lousa colocado de forma cruzada tradicional. No interior, destacan a recuperación do presbiterio de pedra primitivo—retirarase a estrutura lixeira provisional existente— e a restauración do friso de pintura policromada orixinal do século XVIII nos muros norte, sur e este. Así mesmo, nas paredes sobre o friso e nas bóvedas eliminarase a pintura de cal branca e substituirase a escaleira de caracol que dá acceso ao coro por outra idéntica de castiñeiro.



## Homenaxe a Fuxan os Ventos cunha ampla exposición

Mondoñedo prepara unha exposición sobre Fuxan os Ventos, coa aportación do material cedido por Valín Libros. Será unha forma de celebrar nas próximas festas patronais os 50 anos transcorridos desde o inicial participación de Fuxan os Ventos nas San Lucas de Mondoñedo de 1972. A recompilación de material é unha maneira de render homenaxe a unha formación que contribuíu coa súa música a situar a Mondoñedo no centro de Galicia. A intención do Concello é que a exposición chegue a ter carácter permanente e se converta nun espazo para o recordo da historia deste emblemático grupo.

Dende o goberno local de Mondoñedo explican que a recompilación

do material sobre o emblemático grupo musical foi posible grazas “a un comprometido coleccionista, José Manuel Valín Barreiro, propietario da librería de vello Valín Libros, que fai unha cesión ao Concello de Mondoñedo dun material extraordinario, como é toda a discografía do grupo en todos os formatos e soportes, LPs, singles, casetes, cedés, etcétera”. Inclúe unha moi ampla colección de fotografías, carteleiría, referencias de prensa e documentación inédita. A mostra estará integrada por 16 cadros con reproducións de concertos de Fuxan os Ventos, 11 cadros con discos, 12 cadros con fotos orixinais, 2 pósters, 1 cartel do festival de San Froilán de 1975, sete cedés e nove casetes.

## Mellor Cova de Galicia 2022 para a do Rei Cintolo

A cova do Rei Cintolo, certificada en 2019 como destino Observer de Turismo Científico, renova a certificación baixo a distinción de Mellor Cova de Galicia, 2022. O singular patrimonio natural, xunto cunha boa xestión da conservación do recurso, son só algúns dos parámetros cos que Observer trata de medir a profesionalización e distinción desta cova, un dos seus destinos turísticos acreditados máis emblemáticos.

Ademais disto, a posibilidade de vivir unha experiencia única, sumado á boa divulgación dos valores xeolóxicos durante as visitas guiadas con-

verten a Cintolo na Mellor cova de Galicia, 2022.

Cabe destacar, entre as súas axeitadas decisións, unha normativa que regula as actividades e perfís científicos dentro da cova, xerando así un interese crecente pola investigación e dando unha maior accesibilidade aos traballos alí realizados.

Todo o anterior, sumado ao actual proxecto dunha nova ruta que, seguindo as demandas dos visitantes e promovendo sempre o patrimonio natural, conta cunha maior duración e chega ata a parte máis baixa e inexplorada da cova nas visitas guiadas.

## Eliminado un verquido de augas residuais en Sasdónigas

A Xunta eliminou un punto de vertido de augas residuais na parroquia de Sasdónigas (San Lourenzo).

Os técnicos do Plan de Control de Vertidos, dependente de Augas de Galicia, detectaron o foco nunha vivenda unifamiliar tras unha inspección.

De cara á emenda do vertido, realizouse un inventario punto por punto que amosou restos propios de augas residuais con destino final

cara a unha gabia.

Despois dunha segunda inspección, xunto con técnicos municipais, Augas de Galicia requiriu un plan de acción para eliminar a achega contaminante.

O Concello de Mondoñedo informou da recondución do vertido cara ao sistema de depuración da vivenda, constatándose, tras unha nova inspección á zona, o cese das augas residuais na gabia.

riotorto

## Visita á vila da presidenta dos emigrados a Cuba



A presidenta da Sociedade de Emigrados de Riotorto en Cuba, Laura Hernández, visitou no mes de xullo a localidade para estreitar lazos co Concellos.

As representantes dos emigrados mantivo unha reunión no Concello con varios veciños, que acudiron a coñecer sobre os seus familiares.

Este colectivo creouse en 1915 en La

Habana polo que os socios, uns 350, son agora fillos e netos dos emigrados. A súa función principal é manter no país caribeño as danzas tradicionais, os costumes e a cociña desta comarca mariñá.

O obxecto desta reunión era retomar as relacións entre os veciños do concello e os descendentes dos que emigraron a Cuba.

## O localidade vivirá o 6 a tradicional Festa Celta

O Concello de Riotorto celebrará a súa tradicional Festa Celta o vindeiro 6 de agosto no lugar da Croa. Para elo o Goberno local solicitou colaboración veciñal.

Esta celebración terá lugar a partir das 21.30 horas con diferentes actuación a cargo dos Gaiteiros de Riotorto, Rivendell Folk de Valladolid, Carapaus de Santiago de Compostela e Leirabuxo de Boimorto.

Ademais haberá servizo de comida a partir das 14.30 horas para os que queiran desfrutar da festa xa dende a mañá, así como, animación durante toda a tarde para que os asistentes disfruten.

Como todos os anos, o Concello agradecerá a colaboración veciñal para a súa realización. Gracias a está



colaboración a festa será todo un éxito como todos os anos. Para máis información deberán achegarse as oficinas do Concello.

## Presentan en Órrea o segundo libro de fotos da súa historia

A Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba da Órrea, en Riotorto, organiza para o venres 5 de agosto, a presentación do libro Santa Comba da Órrea en imaxes (II), que terá lugar no local social A Travesa, a partir das 20.00 horas.

A publicación reúne preto de 300 imaxes recollidas entre a veciñanza que ofrecen un anaco da historia desta parroquia.

Na presentación participarán representantes de todos os barrios da parroquia e o libro repartirase entre todos aqueles que colaboraron de forma gratuita. Para o resto o libro ten un custe de 10 euros.

Baixo o título Recordos na Memoria, trátase da segunda publicación de fotos da parroquia, unha iniciativa que tivo unha gran acollida entre a veciñanza.

a pontenova

## Máis de 50 carrilanas tomaron A Pontenova nunha cita tradicional

O pasado 23 e 24 de xullo tiveron lugar na Pontenova as dúas mangas oficiais do Campionato de España de Carrilanas, dentro da Federación de Deportes de Inercia, e que organiza o Club Motoreo.

Foron algo máis de 50 as carrilanas que participaron, e 34 as que chegarán de fóra, de lugares como o País Vasco, Cantabria e Asturias.

Esta proba deportiva tivo algún que outro incidente sen danos persoais pero sobre todo houbo moita risa e disfrute por parte do público asistente.



## Abre o prazo para solicitar as axudas para o sector forestal

O Concello da Pontenova vén de informar que ten aberto o prazo de axudas para as pequenas e medianas empresas do sector forestal.

Poderán beneficiarse todos os que utilicen a madeiras e os seus derivados como a resina, cortiza ou outros produtos, exceptuando os alimentarios, como materia prima para a elaboración.

Con esta liña de axudas poderase mercar a maquinaria nova vinculada a procesos de transformación de produtos de orixe forestal como os de secadoiro ou

outros tratamentos e acabamentos da madeira, obras e instalacións necesarias para o correcto funcionamento, equipamento, implantación e certificación da cadea de custodia, servizos, bens, etc.

Os investimentos subvencionaríanse cunha axuda do 50% dos gastos elegibles, e a axuda máxima por solicitantes limitarase a 200.000 euros. Os solicitantes teñen de prazo ata o 8 de agosto e para máis información haberá que acudir ao Concello ou chamar ao 982 342 277.

## San Pedro de Fiz organiza a súa tradicional romaría

A parroquia de San Pedro de Fiz, no Concello da Pontenova, organiza a súa tradicional romaría o primeiro domingo do mes de agosto, é dicir, o día 7 de agosto.

Esta romaría é a máis popular neste municipio da provincia de Lugo e contará cun xantar no campo de festa e as diferentes misas ao longo da mañá dende as 9.00 horas ata as 13.00 horas seguidas de procesión con gaitas ao redor do santuario.

Despois haberá unha sesión vermú co dúo Vivarium que tamén amenizará a verbena da noite xunto a orquestra Blanco y Negro.

## Concepción Novo lidera a xestora do PP

O PP dá un paso máis de cara ao seu fortalecemento coa constitución da xestora que preside Concepción Novo e que dirixirá a formación local co obxectivo de "implicar a todas aquelas persoas interesadas en traballar polo noso concello e os nosos veciños" e "tratar de preparar a mellor candidatura posible para as eleccións municipais do 2023".

A xestora contará con Eleuterio Lavandeira, Julián Calvo, Sabela Lozano, Isabel López e Jorge García; ademais da propia presidenta, Concepción Novo; e os concelleiros do Grupo Municipal Popular David Álvarez Gutiérrez e José Benjamín Pacio como membros natos.

Novo trasladoulles o seu agradecemento "pola confianza e por dar a cara" e sinalou que "temos traballo por diante para lograr nas municipais que o Partido Popular sexa tamén o máis votado na Pontenova igual que nas últimas autonómicas".

## A Xunta licita o proxecto de urbanización do parque empresarial

A Xunta vén de licitar a redacción dos proxectos de urbanización para a ampliación dos parques empresariais do Corgo, Palas de Rei. No caso da Pontenova e Meira, a empresa pública Xestur adjudicou a redacción dos respectivos proxectos para ampliar a superficie das áreas industriais deses concellos.

O consello de administración de Xestur acordou adjudicar á empresa Proyectos y Estudios Técnicos de Galicia S.L., o contrato para a redacción do proxecto de urbanización da ampliación do parque empresarial da Pontenova por 23.300 euros.

A urbanización a realizar ocupa un total de 10.313 m2 repartidos en

seis parcelas. O investimento previsto é de 0,7 millóns de euros.

**CURSOS DE NATACIÓN.** A piscina municipal acolle cursos de natación infantil e adultos para os que haberá que anotarse antes do 17 de xullo. Haberá dúas sesións semanais, os martes e xoves, e en horario de 12.15 a 13.00 para nenos en perfeccionamento e de 13 a 13.45 horas para nenos en iniciación. Para os adultos será en horario de tarde de 20 a 20.45 horas.

Este curso ten un prezo de 40 euros toda a tempada e para anotarse haberá que chamar aos teléfonos 686 66 52 77 ou 6733 062 511.



## lourenzá

## Lourenzá acollerá durante o verán diferentes actividades

Lourenzá continuará durante o verán diferentes actividades que engloban dende música, cine ou presentacións de libros. A primeira das citas tivo lugar en xullo co concerto de Uxía Pedreira na Escola de Arroxo, á que seguiu o espectáculo da Banda de Música en San Xorxe e de Peregrinos musicais en Vilanova. Xa en agosto, a Banda de música estará en San Adriano o domingo 7 e en Santo Tomé o luns 15, o venres 19 chegará a Vilanova o Festival Bal y Gay de música clásica e o 25 poderase desfrutar da proxección da película Valentina, tamén en Vilanova. O venres 26 de agosto chegará a Farra do Conde Santo e o sábado 27 haberá diferentes actividades como maxia infantil, música a cargo da Banda local e o Festival Osorio Gutiérrez. Todo elo en Vilanova. O 28 será a presentación do libro Un novo Concello, Lourenzá, do autor Manuel Román.

Durante o mes de setembro o grupo Purofilin achegará a súa música cubana ata Vilanova o día 10, e o 23 e 24 serán as IV Xornadas de Historia Local O Agrarismo. Por último o 25 de setembro, Xabier Díaz e As Adufeiras de Salitre porán e punto e final a unha ampla programación.

As actividades están organizadas polo Concello e as asociacións Patrimonio Laurentino, Osorio Gutiérrez, a Comisión de Festas Conde Santo, a Biblioteca Maravilhas, Peregrinos Musicais e Bal y Gay.



**SAN ADRIANO.** A parroquia de San Adriano organiza as festas na honra a Santa Filomena, que serán dos días 2 ao 4. O primeiro deles comezará cunha cea ás 21.30 horas a base de pulpada e churrascada e xa pola noite terá lugar a primeira verbena a cargo de Costa Dorada e Saudade. Ao día seguinte, haberá misa ás 13.30 horas trala cal a sesión vermú será amenizada polo grupo Pontevedra, que volverá a actuar á noite xunto a Galilea.

O último día, o domingo 4 de setembro, tras a misa das 13.30 horas, a sesión vermú contará co grupo de baile da asociación cultural Osorio Gutiérrez de Lourenzá e de seguido tocarán os integrantes da orquestra Solara que volverá subirse ao escenario co dúo EPO-K na verbena da noite.

A festa disporá de campo cuberto por unha gran carpa.

## Fernández del Riego será o protagonista das Letras Galegas 2023

A Real Academia Galega dedicarálle o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010).

O Pleno da institución acordou homenaxearlo o vindeiro 17 de maio, cadrando coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento. Membro da nova xeración de intelectuais que lle deron continuidade ao ideario do Grupo Nós, Francisco Fernández del Riego foi un loitador cultural incansable que chegou a converter nunha auténtica institución do país, respectado por todos e aberto ás diversas manifestacións do galeguismo.

Foi unha das figuras centrais do galeguismo progresista e clave da resistencia no exilio interior durante o franquismo, cunha traxectoria polifacética e prolífica que abrangue dende a política, a creación e crítica literaria á edición. A comezos dos anos 50 foi un dos fundadores da Editorial Galaxia, empresa que desempeñou un papel central na resistencia cultural de Galicia durante o franquismo, e na última etapa da vida presidiu a Real Aca-



demia Galega (1997-2001).

A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, manifestou que “hoxe é un día de felicidade e de orgullo para todos os laurentinos e laurentinas porque vimos de recibir a marabillosa noticia de que se lle vai dedicar o Día das Letras Galegas do próximo ano 2023 a Francisco Fernández del Riego. Levamos loitando por isto moito anos”.

Rocío López indicou tamén: “creo que podó falar en nome de todo o concello de Lourenzá e dar as grazas moi especialmente á Real Academia Galega por apoiar esta candidatura. E poñémonos á súa total disposición para que os actos que se celebren en Lourenzá estean a altura do que representou para a lingua e a cultura galega a figura do noso veciño máis ilustre, don Francisco Fernández del Riego”.

## O PP constitúe a nova xestora

O Partido Popular refórzase “para intensificar o traballo na defensa dos intereses dos laurentinos”. Ese é o principal obxectivo da agrupación local que vén de constituír a xestora presidida por Roberto Díaz Expósito. A formación popular continúa así a “fortalecerse para crear unha alternativa de cara ás vindeiras eleccións municipais”.

A constitución da xestora tivo lugar nunha xuntanza celebrada na localidade e na que participaron varios representantes da dirección provincial do PP – a presidenta, Elena Candia; o secretario xeral, Javier Vázquez Nodal; o coordinador xeral, José Manuel Balseiro; e o secretario de organización, Javier Vázquez Prado que agradeceron “o compromiso de traballo dos integrantes”.

A xestora conta, xunto a Roberto Díaz Expósito, con Sandra Gómez Maradona, Francisco Javier Rodríguez Barrera, Antonio Rego Rey, Eduardo Reigosa Braña, Jesús Villarino Gavín e Mariano de la Torre Galindo. O presidente sinalou que se trata “dun grupo aberto á integración daquelas persoas que queiran traballar por Lourenzá”.

“O obxectivo do PP é o de traballar para mellorar Lourenzá e beneficiar aos nosos veciños. Temos ideas e ganas de traballar e, entre todos, seguro que podemos facer que un pobo mellor para todos os veciños, un municipio no que investir para crear empregos e asentar familias e, polo tanto, asegurar o seu futuro”.

## o vicedo

## Convocada unha nova edición do concurso de Fotografía

O Concello do Vicedo convoca unha nova edición do Concurso de Fotografía Turismo O Vicedo, a que será a quinta edición, no que haberá 600 euros en premios.

O tema escollido fará referencia un ano máis ao patrimonio histórico do Vicedo e a súa calidade como destino turístico. Contendo aspectos relacionados con isto como os monumentos, as igrexas, pontes ou elementos arquitectónicos.

O tamaño mínimo das fotografías (non sendo o recheo en branco unha opción para cumprir estas) será de 30 x 45 cm e o máximo de 40 x 60 cm. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.



Todos os participantes deberán enviar ademais, os arquivos en formato jpg das fotografías parti-

cipantes, cun tamaño mínimo de 2MB e resolución de 300ppp á seguinte dirección de correo electrónico: [concursofotografiaovicedo@gmail.com](mailto:concursofotografiaovicedo@gmail.com).

Ao dorso de cada fotografía farase constar o pseudónimo elixido polo participante, o título da obra e o número de fotografía.

Pódese participar ata o 16 de agosto e o fallo do xurado será feito público ao día seguinte.

Establécense tres premios, un primeiro de 300 euros, un segundo de 200 e un terceiro de 100 euros. A entrega de premios realizarase en acto público o xoves día 18 de agosto de 2020 ás 21.00 horas na Casa da Cultura do Vicedo.

## Listo o programa das festas de San Estevo e Santa Lucía

A comisión de festas de Santo Estevo preparou o programa das festas na honra a San Estevo e Santa Lucía que serán o 5, 6 e 7 de agosto.

Comezará coa gran verbena do venres 5 ás 22.30 horas a cargo das orquestras Tania Veiras e Nueva Fuerza, e seguirá o sábado 6 ás 10.00 con pasarrúas amenizado coa Banda de Gaitas do Ortegal, a misa solemne na igrexa parroquial, a sesión vermú co grupo Da Silva, e xa pola noite a verbena con Alkar e Da Silva. Ás 5.00 horas será a ruta 21 Fest, un festival folclórico a cargo de Os Do 21.

O domingo 7, a última xornada festiva dará comezo ás 12.00 horas coa celebración da misa solemne en honra ao santo na praia



de Xilloi. O grupo Dvicio e Mekánika Rolling Banda serán os encargados de poñer a nota musical na sesión vermú. E xa pola noite Dvicio e Los Españoles amenizarán a gran verbena final.

## As patronais terán lugar durante tres días

As festas patronais de Trabada na honra a Nosa Señora e a San Roque terán lugar durante varias xornadas do mes de agosto. Os actos relixiosos e as actuacións de orquestras do momento completarán a axenda festiva.

Así, o domingo 14 de agosto, comezarán as festas na honra a Nosa Señora e San Roque en Trabada ás 22.00 horas cunha Gran Churrascada, os asistentes poderán degustar queixo, pastelón de bonito, xamón cocido, costela de porco, chourizo, criollo, pan, bebida, sobremesa e café. O prezo será de 25 euros

os adultos e 10 os nenos. Ás 23.00 horas dará comezo unha gran verbena cargo do grupo Montreal e disco móbil Decibelios.

Na seguinte xornada, a do luns 15, haberá sesión vermú ás 14.00 horas amenizada pola orquestra La Ola ADN, que ademais porá a nota musical pola noite na gran verbena xunto a disco móbil Decibelios.

O martes 16, comezará o día festivo coa celebración da sesión vermú amenizada por orquestra Fuego que volverá actuar na verbena de fin de festas ás 22.00 horas.

## Un programa cultural e lúdico para o verán

O Concello de Trabada organiza unha programación cultural e lúdica no verán. Esta é unha programación para disfrutar de diferentes espectáculos artísticos: concertos musicais, cine, maxia... e está dirixida a tódolos públicos. Comezará este sábado día 23 de xullo coas actividades fluviais na ría de Abres a partir das 11.00 horas.

Na semana das Festas Patronais empezará o venres 12 de agosto coas actuacións na praza do Concello con Uxía Lambona e a Banda Molona e a noite ás 22:00h teremos a proxección da película Valentina.

O domingo 14 de agosto comezará o día co programa da Deputación de Lugo Saborea a túa Provincia. Trátase dunha xornada gastronómica e lúdica que vai estar amenizada co grupo tradicional Tumba e Dalle e pola tarde ás 18.00 horas contarán coa actuación de Kote Malabar que traerá a maxia a Trabada.

O luns 15 de agosto as 18.00 horas terán a actuación de Mamá Cabra e xa o martes 16 de agosto rematarán co rockeiro e guitarreiro Pakolas.

**DEPORTIVAS.** O Concello organiza durante os meses de xullo e agosto actividades deportivas para nenos e nenas de entre 12 e 16 anos.

Entre as actividades ofertadas, figuran o break dance (un día a semana); pádel (un día á semana), e outro día de actividades no exterior (ruta de sendeirismo, descenso en canoa



polo río Eo, pádel surf, rutas en bicicleta, etcétera).

“É unha forma de impulsar o deporte e os hábitos de vida saudables entre os nenos e nenas, á vez que favorecemos a conciliación da vida familiar e laboral dos seus pais”, explica o concelleiro de Deportes e Saúde de Trabada, Rubén García.

“A día de hoxe, contamos con oito nenos e nenas inscritos, e para impartir ditas actividades contamos con persoas do noso concello”, engade García.

O Concello de Trabada ofrece ademais estas actividades para dar a coñecer os seus recursos turísticos e poñer en valor as nosas instalacións municipais. Esta programación súmase ao campamento de verán para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos. Para o goberno local de Trabada, este tipo de iniciativas e medidas de conciliación son fundamentais para fixar poboación no rural.

## A alcaldesa trasládalle a Medio Rural os proxectos pendentes

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, envioulle unha carta ao concelleiro de Medio Rural, José González Vázquez, para trasladarlle os proxectos pendentes e as demandas históricas dos veciños e veciñas do concello, entre as que destaca a concentración parcelaria en Monte da Vilapena. Na carta, García Bermúdez lembra que “o 5 de outubro de 2015 remitílle unha carta á anterior concelleira de Medio Rural para trasladarlle a miña vontade de manter un diálogo institucional aberto, fluído e cordial co fin de poder executar proxectos pendentes e sacar adiante novas iniciativas de dotación e mellora de infraestruturas e servizos que aumenten a calidade de vida e o benestar das veciñas e veciños, ademais de favorecer a creación de emprego e o desenvolvemento económico”. Grazas a esas xestións, Trabada conta ano tras ano con brigadas de prevención e extinción de in-



condios, a diferenza doutros concellos que non as solicitan.

Asimesmo, co fin de definir as actuacións que Trabada pretendía desenvolver conxuntamente entre o concello e a consellería do Medio Rural, remitíulle un listado dos proxectos pendentes e as iniciativas de dotación e mellora de infraestruturas e servizos.

“Visto que a día de hoxe aínda non

se abordaron parte deses proxectos, indícolle que os máis prioritarios para o concello son a concentración parcelaria en Monte da Vilapena e a solicitude de cesión en propiedade dun vehículo motobomba, xa que a que temos é moi antiga e ten múltiples averías; isto obríganos a non poder conveñar coa Xunta no verán, porque nos desconta os días de servizo que está averiada e ao final somos os concellos os que temos que asumir os gastos derivados da contratación do persoal para a motobomba”, engade a alcaldesa. Mayra García Bermúdez ofrece a súa colaboración á Xunta para contribuír entre ambas administracións a manter vivo o rural aumentando o valor do terreo dos propietarios particulares coa concentración parcelaria, e garantindo a seguridade das persoas e do territorio en caso de catástrofes coa motobomba, convidando ao concelleiro a visitar o concello.

## O Plan Básico Municipal recibe o respaldo da Xunta Consultiva

A alcaldesa e deputada provincial delegada da área de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez, asistiu en Santiago ao pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia, na que se informou “favorablemente” o plan básico municipal de Trabada.

O plan básico municipal marcará un antes e un despois na historia de Trabada, xa que se trata dunha ferramenta fundamental para a ordenación e o desenvolvemento do concello, apostando sempre por un urbanismo responsable e respectuoso.

“Hoxe é un día moi importante para Trabada”, afirmou García Bermúdez, que tivo unhas palabras de agradecemento e afecto para a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas: “Foi un pracer traballar contigo e co teu equipo, pois ambas tiñamos a vontade de sacar adiante este plan como un instrumento fundamental para a ordenación e desenvolvemento

do noso concello”.

“Estamos especialmente satisfeitos polo conseguido, por ter unha garantía xurídica para os técnicos pero tamén para a veciñanza, e sobre todo, por ter acadado entre o goberno municipal e os veciños de Ría de Abres manter a clasificación de solo urbano, pois no documento de aprobación inicial desaparecía e delimitábanse dous núcleos rurais e solo rústico”, explica a alcaldesa.

“Cremos que foi moi importante manter as reunións informativas coa veciñanza, tanto na fase de aprobación inicial como despois de que se resolveran as alegacións; agradecemos tamén a participación da veciñanza nas mesmas e agora quedamos á espera de que a consellería de Medio Ambiente aprobe definitivamente este plan, que entrará en vigor antes de que remate este ano”, engade a alcaldesa.

“Cinco anos máis tarde, estamos aquí, cos deberes feitos, e orgullosos do traballo feito ata hoxe”, remata a alcaldesa de Trabada.

## Solicitan unha achega para cofinanciar as actividades de conciliación

A alcaldesa solicitou á Xunta unha subvención para cofinanciar os programas de conciliación da vida familiar e laboral impulsados polo goberno municipal.

As actividades subvencionables con esta achega son o servizo de Madrugadores, os Ludiseráns e os campamentos de verán. “Dende que chegamos ao goberno municipal apostamos por prestar servizos en xeral a toda a veciñanza e particularmente ás familias, porque facilitar a conciliación dos pais e nais é un aspecto fundamental para atraer e manter a poboación nos concellos rurais, por iso impulsamos en Trabada estas actividades”, di Mayra García.

O servizo de Madrugadores préstase desde as 08:00 horas ata o comezo das clases, facilitando a incorporación ao posto de traballo. No curso 2022/23 comezará co inicio do curso o 8 de setembro.

Ludiseráns é un programa de actividades extraescolares con propostas formativas e lúdicas, polas tardes de luns a venres e durante tres horas dende o mes de outubro ata o mes de maio. Por último, os campamentos de verán celébranse os meses de xullo e agosto.

# DEPUTACIÓN

## O Goberno da Deputación fai balance dos tres anos de mandato

“Recuperamos a normalidade para a institución, en canto á imaxe e o funcionamento, cunha fórmula que ten tres elementos básicos: temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e aproveita as potencialidades da provincia de Lugo; levamos un ritmo de xestión e de execución constante e moi elevado; e traballamos, todos os días, para sacar adiante unha política de feitos que mellore a vida dos veciños e veciñas de todos os concellos”. Así explicou o balance dos tres anos de mandato do Goberno provincial a voceira socialista do Executivo, Pilar García Porto.

A deputada incidiu en que o Goberno vén desenvolvendo dende o ano 2019 “un proxecto claro” definido polo presidente, José Tomé Roca, que xira en torno a catro liñas de actuación prioritarias: as políticas sociais, que concentran máis dun terzo do Orzamento total da Deputación,

“por convencemento, pero tamén porque nos vemos na obriga de suplir a ausencia da Xunta de Galicia en moitos ámbitos, como pode ser o da atención ós nosos maiores”; a cooperación cos concellos, “que é a auténtica razón de ser desta institución, cooperar cos 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños e veciñas; o apoio aos sectores produtivos, “nomeadamente ao sector primario, que é fundamental para a provincia de Lugo, e o turístico, cun tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”, e a mobilidade, “un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación, dinamizar a economía e o emprego, e, polo tanto, para facer competitivo un territorio”.

Este proxecto de provincia, “claro, ben definido e argumentado”, sae adiante grazas “ao compromiso e a capacidade do equipo de goberno e,

por suposto, contando co gran traballo de todo o persoal da institución, na que temos equipos profesionais cualificados, competentes e comprometidos co servizo público”, subliñou a voceira socialista.

De feito, recalcou, “ter claras as prioridades permitiunos reaccionar mellor ante situacións adversas como as que provocou a pandemia da Covid-19”. A modo de exemplos, lembrou que, “ao ter en marcha o sistema do Plan Único, foi máis doado poñer a disposición dos concellos recursos económicos para axudarlles a afrontar os gastos extra que supuxo a Covid; o noso modelo de residencias –público, centrado nas persoas e de pequenos centros– foi determinante para que a incidencia da enfermidade entre os nosos usuarios e usuarias fose mínima; e, como xa facíamos antes da pandemia, escoitamos e colaboramos cos sectores produtivos para sacar



adiante medidas que aliviasen e que lles axudasen a amortiguar o impacto da crise”.

**O GOBERNO DO ESTADO.** Así mesmo, a deputada subliñou que neste tempo “sentimos que o Goberno do Estado volveu a apostar polas políticas sociais que benefician directamente ós lucenses, como foi, entre moitas outras medidas, a vinculación da subida das pensións ao IPC, e que volveu a situar á nosa provincia no mapa das infraestruturas do país, subindo o investimento e desblo-

quando proxecto paralizados durante os anos de Rajoy en Madrid”. Sen embargo, e “lamentablemente”, asegurou a deputada, nestes tres anos de mandato “sufrimos a falta de ideas da oposición nesta institución, e a inacción e o castigo da Xunta á nosa provincia”.

Pilar García Porto afirmou que o PP “carece dun proxecto para a provincia de Lugo” e “fai un seguidismo das directrices da Xunta que o limitou a unha postura pasiva, sumisa e afastada da realidade e das necesidades dos nosos veciños e veciñas”.

## O prezo da auga e a atención primaria, temas do último Pleno

A Deputación insta á Xunta a garantir que a entrada en vigor da Lei de Mellora Integral do Ciclo da Auga, aprobada o pasado mes de xuño no Parlamento en solitario polo Partido Popular, non se traducirá nun incremento do prezo que pagan os fogares lucenses e galegos por un servizo básico. Así se acordou no Pleno ordinario da Corporación Provincial do mes de xullo, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Socialista. Pilar García Porto sinalou que na súa redacción actual, a nova lei aprobada polo PP “suporá unha suba media dun 61% no recibo anual dos fogares galegos, que subirá de 53 a 86€ coa creación de tres novos impostos: o canon de xestión de depuradoras, o de xestión de colectores e o de xestión de abastecementos, polos que a Xunta prevé na memoria económica da propia normativa recadar 50M€ máis ao ano. Un verdadeiro sablazo fiscal que chega no peor momento para os concellos e para a poboación pola crise económica”.

A institución provincial tamén urxe ao Goberno galego a que deseñe un plan estratéxico consensuado coa FEGAMP para determinar as infraestruturas necesarias, o financiamento das obras e os prazos de execución. Fronte á actual proposta da Xunta, que carga aos concellos co 30% do

financiamento das novas obras de abastecemento e saneamento, a Deputación reclama que estas infraestruturas opten aos fondos Next Generation.

**ATENCIÓN PRIMARIA.** Por outra banda, a Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia que resolva as deficiencias do sistema sanitario “diante do panorama desolador e da situación caótica da Atención Primaria na provincia de Lugo, que a Xunta ten baixo mínimos”.

Desde a institución provincial demandan que se adopten medidas inmediatas, “como por exemplo unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia, para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario, sobre todo durante o verán na nosa provincia”.

A Deputada lembrou as constantes declaracións públicas das asociacións e colectivos do eido sanitario sobre a situación actual de recortes e peches na provincia e na comunidade autónoma, “e que son desprezadas constantemente polo Goberno do PP”. “Non sei como non se poñen colorados coa sanidade en precario que defenden. Debería darlles vergoña apoiar un modelo que está rachando coa universalidade do noso sistema sanitario”, dixo.

## Fondos europeos de apoio gratuito ás pemes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de medio millón de euros que conseguiu captar de fondos europeos para desenvolver o proxecto Acelera pemes, unha iniciativa destinada a fortalecer o tecido empresarial da provincia, sobre todo do rural. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que explicou que grazas a este investimento, a Deputación ofrecerá apoio e asesoramento gratuítos ás pequenas e medianas empresas en materia de transformación dixital.

García Porto anunciou que a entidade pública empresarial Red.es, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, comunicou a súa decisión de conceder á Deputación a totalidade dos fondos que lle solicitara no mes de febreiro para sacar adiante este proxecto. Unha axuda que ascende a 400.000€ e que a Deputación complementará con outros 100.000€ para poder desenvolver este programa.

Aseguro Pilar García Porto que o asesoramento ás pemes “será totalmente gratuito para as empresas, e será personalizado, é di-



cir, adaptarse ás características e necesidades de cada negocio para que, desta forma, lles sexa realmente útil”.

Este proxecto contempla unha oficina de asesoramento que terá unha sede física nas dependencias da Deputación; unha sede virtual e, a maiores, terá presenza en todo o territorio a través dunha rede de cinco oficinas móbiles: na Mariña, na Chaira, na zona centro, na Montaña e na Zona Sur para ofrecer unha atención próxima e eficaz.

O programa desenvolverase en 3 fases: a primeira será de difusión do proxecto, para chegar ao máximo número posible de empresas; outra para implantar a rede de aceleradoras; e unha terceira fase para xestionar o servizo.

## Levarán actuacións de bandas e corais por toda a provincia

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha Tradigalu, un programa de promoción e difusión da música tradicional e popular que espallará máis de 150 de grupos tradicionais, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro explicou que con esta iniciativa mantemos o apoio a estas agrupacións musicais que, ademais de conservar e difundir a música tradicional cos seus repertorios e actuacións, desenvolven unha importante labor formativa impartindo clases de música e de baile e dinamizando as parroquias e concellos”.

O programa conta cun orzamento de 150.000 euros e mantén os obxectivos do Musiqueando, adaptándose á actualización da interpretación da normativa sobre subvencións. Así, ademais de xenerar unha actividade que repercute economicamente nas agrupacións musicais, a área de Cultura complementará as programacións que ofrecen asociacións, concellos e demais axentes culturais. Maite Ferreiro solicitou a colaboración das asociacións culturais para poder achegar a tradición musical a todo o territorio, poñendo a súa disposición o enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal

# DEPORTES

## Volve a Gran Tirada do Club de Tiro San Roque de Viveiro



O 15 de agosto disputarase en Viveiro a XLIV Gran Tirada do Club de Tiro San Roque, que conta coa colaboración do Concello de Viveiro.

A proba consistirá en tiradas de 100 platos de foso olímpico e conta con 2 canchas de 30 máquinas Rossini. Esta poba está limitada a 84 tiradores e as inscricións para participar na proba están abertas ata o día 13 ás 19.00 horas e a través de Whatsapp ao 616 933 646.

Haberá premios para os 15 primeiros clasificados, aínda que os tres primeiros levarán 1200, 500 e 300 euros respectivamente, ademais de trofeos. E este ano inclúese un trofeo para damas, júnior, veterán e super-veterán.

## Nova edición do Gran Premio Ciclista San Roque – Ourol



Volve un ano máis o Gran Premio Ciclista San Roque – Ourol categoría autónoma e que nesta ocasión chega a súa trixésimo oitava edición. Esta proba deportiva celebrarase o vindeiro 13 de agosto a partir das 10.00 horas co ciclismo inclusivo e media hora máis tarde coas promesas, ás 11.00 serán os principiantes, ás 11.30 os alevíns e ás 12.00 os infantís. Xa despois do xantar, ás 15.30 horas serán as féminas e ás 17.00 os cadetes.

Os ciclistas deberán completar un trazado de 28,63 quilómetros, no que pedalarán a unha altitude máxima de 348 metros.

A saída e chegada desta proba será dende a praza do Concello de Ourol e haberá trofeos e ramo de flores ao vencedor de cada categoría, así como do 1º ao 5º clasificado de todas as categorías.

## Sinalizan a Bike Xtreme con tramos de distintos niveis de dificultade

A Peña Ciclista Lar de Viveiro sinalizou o trazado da Viveiro Bike Xtreme coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A área de Deportes financiou a instalación de paneis informativos e marcas de continuidade do percorrido desta proba de montaña que o club ciclista ven organizando anualmente e que transcorre por algúns dos puntos máis elevados do municipio como o Alto da Silvarosa, Monte Castelo ou Penedo do Galo.

Ademais da sinalización do itinerario completo, de 60 quilómetros e 2.500 metros de desnivel positivo, creáronse indicativos para delimitar tres rutas con distintos niveis de dificultade, ofrecendo varias alternativas para desfrutar deste entorno.

Así, creouse unha ruta de 15 quilómetros e 713 metros de desnivel positivo no tramo da Silvarosa, outra de 17 quilómetros e 793 metros de desnivel positivo no tramo de Monte Castelo, e outra de 27 quilómetros e 943 metros de desnivel positivo no tramo de Penedo do Galo. Os trazados están dispoñibles en webs e aplicacións de ru-



tas ao aire libre xeoreferenciadas como Wikiloc, que conta con máis de 7 millóns de usuarios.

A sinalización permanente destas rutas pretende situar Viveiro como un punto de referencia para afeccionados e afeccionadas ao ciclismo de montaña durante todo o ano, e contribúe tamén a potenciar e facilitar a práctica de actividades de ocio e saudables ao aire libre.

O deputado de Deportes Efrén Castro subliñou o interese “desta actuación proposta pola Peña Ciclista Lar para poñer en valor as condicións naturais que ofrece Viveiro para o ciclismo e aproveitar en beneficio do municipio a auxe que están experimentando

os deportes na natureza” e valorou “este tipo de iniciativas como unha mostra da importancia que as asociacións e os clubs deportivos, cos que desde a Vicepresidencia da Deputación mantemos distintas liñas de colaboración, teñen na dinamización social e económica dos municipios e comarcas”.

**NOVA EDICIÓN.** Peña Ciclista Lar de Viveiro organizou este sábado unha quedada para estrear esta nova sinalización na que participaron unha trintena de afeccionados e afeccionadas e na que se confirmou o 16 de outubro como data de celebración da vindeira edición da Viveiro Bike Xtreme

## Chega o 6 de agosto a terceira proba puntuable do circuío de carreiras +kmsbarreiros

Chega a terceira proba puntuable para o circuíto de carreiras local +kmsbarreiros organizado polo Concello de Barreiros a través da área de Dinamización e Participación Veciñal.

O vindeiro 6 de agosto terá lugar a xa clásica carreira popular Benquerencia Terra Mar organizada pola Asociación Deportiva Augas Santas Barreiros e o Concello de Barreiros e que conta coa colaboración da Deputación de Lugo desde a Área de deportes; da Xunta de Galicia desde a Secretaría Xeral para o Deporte; e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Barreiros.

A Benquerencia Terra Mar é unha proba singular onde as haxa pola espectacularidade do seu percorrido xa que esta discorre por zonas rápidas de asfalto, logo 1250 metros pola area que poñen a proba a resistencia dos e das atletas e 300



metros pola beira da auga que lle poñen un extra de diversión e dificultade a partes iguais.

As probas infantís serán ás 16.30 horas con varias distancias segundo categoría, e a inscrición é gratuita ata o mércores 3 de agosto.

No tocante á carreira absoluta, que será ás 17.30 horas, o fin de inscricións será o mércores 3 de agosto. A proba está incluída dentro dos circuítos +kmsBarreiros e Tour Mariña, polos que os inscritos participan automaticamente nestes circuítos.

## A Ribeira de Foz organiza o día 20 o IV Open de pesca



A asociación A Ribeira de Foz organiza para o 20 de agosto o IV Open de pesca dende embarcación do Concello focego.

Quen queira participar pode facelo e inscribirse de balde chamando ao teléfono 626 309 804 antes do 5 de agosto. En pasadas edicións, adoitaban ser máis de 35 as embarcacións, nomeadamente de Asturias e Galicia, que participaban dende primeira da mañá, sobre ás 7.30, para saír pescar e volver ao mediodía coas capturas á lonxa para a pesaxe.

Ademais haberá premios e agasallos para todos os participantes. Neste open colaboran diferentes entidades focegas como o Concello, o CCA, El PEz Rosa, Capturas Pesca Deportiva, Seguros Ges ou Kukadas Pesca Foz.

## O seteiro Santi González, campión Galego de aire libre

O seteiro cervense, Santi González Villares, foi recibido na Casa do Concello polo alcalde, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e o edil de Deportes, David Rodríguez; que lle fixeron entrega dunha figura de Sargadelos como recoñecemento aos seus éxitos deportivos.

González proclamouse campión Galego de aire libre en Pontevedra e tamén acaba de facerse co ouro no Nacional de campo.

González pertence ao club cervense ladovi, que leva máis dunha década colleitando grandes resultados tanto en categorías de base como séniors.

## O 71º Trofeo Emma Cuervo terá lugar do 20 ao 28 de agosto

Presentouse oficialmente a 71ª edición do Trofeo Emma Cuervo e a súa segunda edición no fútbol feminino, organizado polo Ribadeo FC e que será o 20 e o 28 de agosto.

A Xunta financia tanto o partido de fútbol masculino como o feminino e nesta ocasión o trofeo foi deseñado por Carlos Pérez e é unha reprodución da Torre dos Moreno elaborada por Sargadelos.

**PARTIDOS.** Tito Suárez, coordinador de deportes informou que o 20 de agosto, ás 18.30 horas terá lugar no campo Pepe Barrera o partido entre o Deportivo da Coruña e os Unionistas de Salamanca. Por outra banda, o 28 de agosto, ás 18.00 horas, celebrarase o encontro entre o Deportivo da Coruña feminino e o Oviedo FC feminino.

# “Somos un dos clubs que máis aporta á vida deportiva”

**Valentín Coto é o novo presidente da SD Ribadeo**

A SD Ribadeo arrinca a tempada cunha nova directiva elixida nas eleccións celebradas o pasado mes de maio. A nova directiva está formada por 9 nais e pais de nenas e nenos pertencentes ao club, que deron un paso adiante ante o risco de disolución da entidade e ao non presentarse ningunha outra candidatura.

**Como naceu o club?**

A SD Ribadeo naceu ala polo ano 2005 cando as Escolas Deportivas Municipais, para xestionar inicialmente ademais do fútbol, as modalidades de fútbol sala, baloncesto e tenis de mesa.

**Quen se atopa á fronte da SD Ribadeo? Cantos membros son?**

Actualmente o Presidente da SD e Valentín Coto Perez, sendo a secretaria Maria Jose Tella Costa, a tesorera M<sup>a</sup> Visitación Docobo Lopez e Vogais Angel Lopez, Oscar Otero, Manuel Bautista, Ruben Diaz, Pablo Cartoy e Edixon Zambrano. Todos pais e nais de nenos que xogan no Clube.

**Como afrontan esta nova tempada?**

Os obxetivos non son outros que continuar coa labor de formación dos rapaces e das rapazas que xogan na S.D., que disfruten xogando o futbol e que estean orgullosos de formar parte de este Clube. Logo a nivel deportivo, gustaríanos manter o equipo Xuvenil na liga Galega e intentar acadar algun ascenso cos equipos cadete e infantil ou alevín.

**De que logros se sinte máis orgullosos?**

Pois para un clube coma o noso ter un equipo en Liga Galega e un éxito muy importante, pero sentímonos orgullosos de todos e cada un das picaras e picaros que compoñen a SD, así como de todas e todos os anteriores directivos e os entrenadores que forman e formaron parte do Clube desde a súa creación.

**Cantos equipos e xogadores hai actualmente?**

Actualmente tenemos preinscritos sobre 160 nenos e contamos arrancar con 9 ou 10 equipos en todas as categorías dende o Xuvenil hasta o prebenxamin. Aproveito a oportunidade que nos dades para recordarlle a todos aqueles menos

e nenas da Mariña e do Occidente de Asturias que queiran disfrutar do futbol coa SD Ribadeo que aínda están a tempo de anotarse a través do formulario da nosa web enviando un email a [sdriabdeo@sdrabdeo.info](mailto:sdriabdeo@sdrabdeo.info)

**Cales son os proxectos máis inmediatos que teñen en mente?**

Os proxectos que temos en mente pasan por unha modernización integral do Clube, tanto a nivel instalacións, como en material deportivo e organizativamente. A tal fin instauramos a figura de un Director Deportivo, Ruben de Castro, entrenador co título UEFA PRO, e con ampla experiencia en este tipo de asuntos que con toda seguridade nos axudará a acadar que os xogadores da SD obteñan os mellores resultados nas respectivas categorías e que disfruten a vez que aprenden e se forman na práctica do futbol.

**Que aporta o club á vida deportiva de Ribadeo?**

É indudable que somos un dos clubs que máis aporta á vida deportiva de Ribadeo con mas de 150 nenas e nenos inscritos na SD e tamen



Nova xunta directiva da SD Ribadeo

quero destacar os Torneos que se fan nos veranos. en diversas categorías e que fan que veñan centos de participantes coas súas respectivas familias enchendo os hoteis e restaurantes da vila.

**Que necesidades teñen?**

Pois fundamentalmente campos de adestramento, mellora nas instalacións cedidas o Clube, roupa deportiva para os xogadores e material. En breves iniciaremos unha serie de reunións con empresas de Ribadeo e diferentes entidades co fin de recabar o seu apoio en forma de patrocinio para a temporada que se aveciña.

**Contan con apoio municipal? Para manter o club, para facer actividades, etc.**

Sí e temos que agradecer o Concello

de Ribadeo especialmente, e a Xunta de Galicia e Deputación de Lugo, as axudas e subvencións que nos dan para manter o Club funcionando, está claro que nos gustaría que estas axudas foran mas cuantiosas e importantes e para eso manteremos diversas reunións o largo dos próximos días cos responsables de cada unha das administracións sinaladas.

**Que nos pode dicir da afección?**

Como nas anteriores tempadas pedímolles a todas as nais e pais dos nenos e nenas que xogan na S.D. o seu apoio, tanto a hora de axudar na organización dos partidos, gestión das cantinas, limpeza de vestuarios etc... coma animando ós seus equipos dentro de un clima de educación e respecto como sempre teñen feito ata agora.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

	Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061	Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062	
---	---	--	---

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: [redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

# COLABORACIÓN

## Aprobados de despacho

### O PUPITRE



Julio Díaz

**C**ada alumno aprobado nun despacho sen merecelo supón un docente desautorizado, un Departamento menosprezado e un Claustro desprestixiado.

Por desgraza e cada vez con máis frecuencia, esta forma de desautorizar a un profesor, a un Departamento e a todo o Claustro de profesores desde un despacho non son casos que ocorran illadamente senón unha tendencia iniciada hai varios anos e que non deixou de potenciarse e estenderse grazas ao boca a boca de determinados proxenitores que alardean da "fazaña".

A marabunta normativa e máis aínda a falta de claridade e concreción da mesma respecto á avaliación do rendemento académico serven para que a Administración Educativa mellore nun despacho as notas asignadas polos docentes aos seus alumnos. Non importa o que o raparigo escriba no exame, agárranse ao que

sexa: falta de criterios claros e concisos, mala ponderación, escasa ou falta de publicidade do proceso, descoñecemento do alumnado ignorando a nosa Admón. que a ningún de nós nos agrada suspender aos nosos alumnos, xa que no fondo non deixa de ser un fracaso no noso traballo, pero de todos é coñecido que temos alumnos nas nosas aulas que non saben facer un O cun canoto e non está nada ben que os nosos superiores sen ter en conta as probas realizadas polo alumno, nin o seu traballo ao longo do curso, busque defectos burocráticos para xustificar unha corrección das súas cualificacións. Non debería ser unha cuestión de papeis, debe cingirse a se o alumno sabe ou non sabe.

Se un alumno presenta unha reclamación da súa nota o departamento desa materia debe reunirse e analizar o traballo realizado por el decidindo se a cualificación outorgada debe ou non modificarse, sendo o normal que a nota se manteña, xa que o 95% das protestas carecen de fundamento e a maioría delas son unha falta grave á dignidade dun profesional; a algún proxenitor teríasele que caer a cara

de vergoña por promover determinadas reclamacións.

Ocorre nos últimos tempos que moitos pais profesionalizáronse, coma se de empresas de reclamación de multas se tratase, en solicitar a revisión das cualificacións dos seus vástagos, escudriñando as normas ao límite legal, sen darse conta que a nota que a Administración regala ao seu fillo é un dardo envelenado que inculca unha mala lección con consecuencias negativas para o seu futuro académico, profesional e persoal. Este alumno despois de gañar a batalla dáse conta que hai maneiras de prosperar con atallos e trucos que non lle esixen esforzo nin tesón, mentres que os seus compañeiros para conseguir o mesmo tiran de traballo, constancia e tenacidade.

Debemos non só os docentes, senón toda a sociedade esixir á Administración Educativa respecto polo noso traballo e debemos trasladarlles que o profesorado entre tarefas administrativas, xestións e reunións vémonos obrigados, a maioría das veces, a dedicar máis tempo ao estudo de normas absurdas e arbitrarias que a preparar as nosas clases. Os docen-

### O RECUNCHO DE CANELINA




tes só pedimos iso, poder impartir clases sen interferencias nin presións no noso traballo.

Finalizar pedindo á Administración Educativa que se deben valorar as reclamacións dos nosos alumnos, máis que deles dos seus papás, con

criterios académicos e non formais. Que antes de aceptar unha reclamación débese demostrar que se superaron os obxectivos da materia e non centrarse en se faltaba a publicidade dun "criterio", un selo ou un formulario estaba incompleto.

## Riviera

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**U**n lugar de Francia, unha serie televisiva producida por Sky e emitida en España por Movistar+, a zona de terra que está próxima e dá cara ao mar ou cara ao río? Calquera das acepcións anteriores fai referencia a ideas inundadas de beleza. A Riviera Francesa, a Costa Azul -Côte d'Azur en francés- é un auténtico paraíso terreal, unha fantasía de lugar. Xeograficamente falando é a denominación que recibe unha parte do litoral mediterráneo no sueste de Francia e a totalidade de Mónaco, formando parte da rexión denominada Provence-Alpes-Côte d'Azur. A orixe do termo débemola ao escritor Stéphen Liégeard, que o utilizou en 1887 para o título da súa obra "Côte d'Azur", inspirándose no termo Azur, que en heráldica significa 'azul'. Para Liégeard,

a Costa Azul foi un nome poético para denominar á zona costeira que se estendía desde Marsella ata Xénova, en Italia, e que se coñecía como Riviera de Niza ou Riviera de Xénova.

Se vos pedira que me citarades algunha das localidades que conforman esta rexión, estou segura de que se vos virían uns cantos nomes á cabeza: Saint-Tropez, Cannes, Niza... Lugares que inmediatamente asociamos coa idea de luxo, exclusividade, de glamour en definitiva. No século XX a Costa Azul converteuse nun destino preferente para a aristocracia e burguesía do norte de Europa pola suavidade do seu clima, especialmente no inverno. Non existe vila ou cidade que non sexa escenario de grandes anécdotas protagonizadas por celebridades de primeiro nivel, poñamos por exemplo a Menton. Esta fermosa e gloriosa vila costeira pode que sexa menos coñecida, pero foi aquí onde a Riviera Francesa naceu como tal; cando a Raíña Victoria, viúva, chegou para quedarse en

1882, abrindo así as comportas para a realeza e a alta sociedade. Construíronse ferrocarrís, grandes vilas substituíron as granxas de pedra e, as carruaxes ornamentadas que transportaban a duques e príncipes, pasaron lentamente polas estradas da alta costa sobre o mar resplandecente.

A Raíña Victoria estaba encantada co "soleado e florido sur" -como ela o chamaba-, regresando ata en oito ocasións e sempre lanzando flores, ritual que enlaza coa famosa "Batalla das Flores" dentro do Carnaval de Niza, probablemente o máis importante de Francia.

Algúns e algunhas dan crédito ao amor da Raíña polo sur de Francia, aludindo ás melloras nas relacións entre dous inimigos históricos, Inglaterra e Francia, suavizando as tensións ata converténdose en aliados durante a Primeira Guerra Mundial.

O aliado da Raíña, o primeiro ministro Winston Churchill, pasou varios períodos da súa vida na Riviera Francesa. Xunto á súa esposa, am-



bos disfrutaron especialmente da "Villa La Paus" en Roquebrune-Cap-Martin. A Villa foi construída por Coco Chanel e o Duque de Westminster e vendida ao multimillonario Emery Reves, amigo de Churchill. La Paus era frecuentada por tantas elites que a miúdo coincidían e pasaban tempo xuntas. Estas incluían ao Príncipe de Mónaco e Grace Kelly, aos Duques de Windsor, Coco Chanel, Clark Gable, Greta Garbo, Wendy Russell, Somerset Maugham e un longo etcétera.

Volvendo a Menton, situada a escasos quilómetros da fronteira italiana e bautizada polo xeógrafo Elisée Reclus como "A perla de Francia", esta fermosísima vila posúe un importante patrimonio arquitectónico, encabezado pola Igrexa de San Miguel Arcanxo, a máis grande e bela de estilo barroco de toda a Costa Azul. A fachada consta de dúas pratas e dispón dunha gran harmonía na estrutura de columnas, pilastras, arquitrabes e frontóns. No interior destaca a decoración de estilo barroco en estado puro, cun fermoso retablo de André Manchello que representa a San Miguel. Ademais da súa rica arquitectura e o seu imponente casco histórico, Menton acolle tres museos dedicados a un dos seus máis ilustres visitantes, o artista polifacético Jean Cocteau (1889-1963): O "Jean Cocteau / Colección Séverin Wunderman", a "Salle des Mariages Jean Cocteau" e o "Museum Jean Cocteau The Bastion". A Riviera, paradigma indiscutible de glamour, luxo e beleza.

# MAR

## Pescadores de Burela piden a Portos a reapertura do porto

O colectivo de pescadores de Burela manifestou unha serie de requirimentos a Portos para chegar a un acordo. O pasado 19 de xullo houbo unha reunión no Concello de Burela entre o alcalde, a concelleira de Mar e representantes do colectivo de pescadores, para tratar dos problemas que estes últimos atopan tras o peche do Porto comercial á prácticas da pesca recreativa fóra de horas de traballo (tras un ano aberto sen ningún incidente).

Acordouse aceptar a mediación do Concello con Portos, e que este fixera chegar as 1500 sinaturas en apoio á pesca recreativa no Porto de Burela á presidenta de Portos Susana Lengas.

Días máis tarde remitiuse un escrito xustificativo das demandas dos pescadores á concelleira de Mar, María del Carmen López. Pídesa a

reapertura do Porto comercial, fóra de horas de traballo, tanto para a pesca recreativa como para o culto á Virxe do Carme, situada na punta do Porto comercial. O Concello de Burela ofrécese tamén para intermediar para a apertura de novas zonas para a práctica da pesca recreativa.

Afirman os pescadores que hai varias opcións para facelo posible, sin que a xente teña que atravesar a zona de almacenamiento da madeira, como pode ser balizar a la zona máis próxima ó mar.

Tamén se está disposto a facer tarxetas de acceso á porta xiratoria, se Portos activa o control de acceso da porta. Estas tarxetas poderíanse emitir ós pescadores que aporten no Concello toda a documentación necesaria para poder pescar no porto (licencia de pesca, seguro RC de 450.000€, seguro de accidentes

de 300.000€ e de falecemento de 30.000€, así como a formalización da documentación na páxina de Portos asinando a declaración responsable do uso das instalacións portuarias) e ós fieles á Virxe do Carme.

Os pescadores esperan que Portos de Galicia “escoite ó pobo de Burela e chegue a un acordo para o uso axeitado do espazo portuario, convivindo coas actividades portuarias”.

O colectivo de pescadores está disposto a reunirse con Portos, coa mediación do Concello, e chegar un acordo satisfactorio para ambas partes. Tamén están en trámites para facer un clube de pesca local que impulse esta actividades e fomente a formación das novas xeneracións e a inclusión do saber dos nosos mariñeiros para manter unha tradición ancestral.

## En marcha un censo para embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia



23 barcos foron os primeiros en ser incluídos no rexistro de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, unha base de datos integrada no Censo de Patrimonio Cultural e que forma parte das medidas de salvagarda postas en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para garantir o legado das técnicas construtivas da carpintaría de ribeira que se recollen na declaración de Ben de Interese Cultural.

As primeiras resolucións foron publicadas hoxe no Diario Oficial de Galicia, que nos próximos días continuará oficializando as restantes, tras obter a autorización do órgano de xestión impulsado polo Goberno galego, co obxectivo de

informar sobre a pertinencia da incorporación de embarcacións ao devandito censo, así como propoñer o recoñecemento de mestres carpinteiros.

Inclúense na Sección de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, do Censo de Patrimonio Cultural de Galicia das seguintes embarcacións: Canouro, Funqueira, Nordesia, Reina, Balbina, Lelia Doura, Curuxán e Xoulon. Nos vindeiros días iranse publicando as resolucións dos restantes barcos: Semparada, Falucheira, Fanequeira, A Marosa, A Oleira, Anguleiro, Madorniña, O Peixiño, Silvia Cristina, Mar de Muros, A Barola, Cormoráns de Ons, Chasula, Sara O e Casilda Un.

## O BNG de Foz insta a facer cumprir a limitación de velocidade nos portos

O BNG de Foz insta a mellorar a seguridade e facer cumprir a normativa de limitación de velocidade nos portos de e na ría de Foz.

Os usuarios dos portos teñen unha serie de obrigas, especialmente ao respecto da velocidade, tanto no entorno do espigón como na dársena. “Asistimos a flagrantes incumprimentos da normativa portuaria especialmente de embarcacións de recreo non habituais nos nosos portos que con frecuencia exceden os límites poñendo en claro perigo a outras embarcacións e aos bañista”, din.

Por riba, as embarcacións que incumpren os límites, afectan con frecuencia aos espazos protexidos no interior da ría. “O esteiro, na teoría, está protexido por dúas figuras de protección no marco da Rede Natura 2000 da Unión Europea: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) Ría de Foz e Zona de Especial Conservación (ZEC) Ría de Foz-Masma onde estas actividades están limitadas e deben ser reguladas, con vixilancia e supervisión do cumprimento das normativas ambientais e das actividades non autorizadas”, por todo o BNG de Foz propón ao Pleno instar a Portos de Galicia á vixilancia activa e efectiva do cumprimento da normativa especialmente no que ten a ver coa velocidade das embarcacións.

# PASATEMPOS

Fácil

	7			3			9		
5	8				7			6	
				5			8	2	
7	4			9	5	8	2	1	
			9	1	7				
								9	
	6			4				5	
	2						4		
4						5	6	8	7

Difícil

				4	7				
8							4	9	1
						1			3
					1			3	9
		9	8	2					
5					3	6			
4	1						7		6
		5							
					6				1

### SOLUCIÓNS

4	8	1	2	5	8	7			
8	2	5	7	4	1	3			
3	6	7	4	8	1	2	5		
2	1	8	4	3	7	5	9		
8	5	9	1	7	2	3	4	8	
7	4	3	8	5	8	2	6	1	
9	3	8	5	1	4	8	7	2	
5	8	4	2	8	7	1	3	8	
1	7	2	8	3	8	5	9	4	

Fácil

7	9	8	5	6	4	3	1	2	
8	2	5	1	3	7	9	8	4	
4	1	3	8	2	8	7	5	6	
5	8	1	9	4	3	8	2	7	
3	7	9	8	2	8	1	4	5	
2	4	6	7	1	5	8	3	9	
9	5	4	8	8	1	2	7	3	
8	6	7	3	5	2	4	9	1	
1	3	2	4	7	9	5	8	6	

Difícil

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

## DE RUTA EN RUTA

# Mondoñedo: Ruta da auga

O roteiro, duns dez quilómetros, percorre a zona desde a Fonte Vella, polo río Valiñadares, ata o barrio dos Muíños

Comeza a ruta da auga na Fonte Vella, construída en 1548 por orde do bispo Diego de Soto. Esta preciosa fonte resolveu os problemas de abastecemento público de auga na vila, xa que aproveitaba diversos mananciais, proporcionando auga todo o ano. Un gran arco abovedado e escalinatas, constitúen a súa principal característica, contando con inscricións alusivas ao tempo da súa fundación, así como o escudo imperial de Carlos V, e outros relativos á estirpe do bispo fundador. Álvaro Cunqueiro, cuxa casa natal atópase enfronte á fonte, escribiu sobre ela: "Se viñese ás festas de San Lucas un perfumista de París eu levaríalle á Fonte Vella, para que aspirase lentamente o aroma a herba recentemente cortada, e partindo del inventase un perfume de outono..."

Despois do inicio na Fonte Vella, ascéndese por rúas empedradas cara a un camiño coa ruta sinalizada á esquerda e que nos mostra desde as alturas fermosas panorámicas sobre as torres da catedral e o casco antigo da vila de Mondo-

ñedo. A ruta continúa, achegándose ao río Valiñadares e pasando por aldeas como a de Supena, que conservan a súa arquitectura tradicional e que forman parte dunha paisaxe agro-gandeira que se está perdendo, e tamén por bosques autóctonos nos que crecen árbores diversas como o carballo, a abeleira ou o acivro, acosados polas plantacións de eucalipto. Pasando Supena, onde se atopa a emblemática fonte dos Montañeiros Celtas, se se desexa poderase seguir ascendendo ata chegar á cova que foi descuberta ao mundo científico por José Villaamil e Castro, que no 1873 publica o seu primeiro plano. As covas kársticas son formacións escasas en Galicia e nelas a acción da auga filtrada da superficie - que neste caso acaba formando o río Celtas - ao longo de millóns de anos foi diluindo as calcarias e dando orixe a corredores, galerías, salas e formacións dunha beleza e espectacularidade inesquecibles: estalactitas, esta-

lagmitas, coadas, columnas, bandeiras, gours, excéntricas...

No pasado probablemente estivo habitada, xa que se atoparon restos humanos datados a finais do Paleolítico Superior e unha punta de frecha tallada en sílex.

Desde Supena descenderemos cara O Barral por un tramo asfaltado, e despois seguindo o camiño sinalizado baixaremos polo pendente carreiro das Sete voltas. Chegamos así ao pé do Salto de Coro, unha fermosa ferverza, que tras caer uns 10 m por unha parede de xistos forma unha poza nunha fantástica paraxe, rodeada de abundante vexetación de ribeira.

O camiño seguirá baixando polas escaleiras ata conectar co río Valiñadares e seguindo o río, chegaremos ao Barrio dos Muíños, formado por canles de auga que a conducían a varios muíños hoxe sen uso. Desde aquí continúa ata o final da ruta, na praza da Catedral de Mondoñedo.



## DATOS



3 h 25 min.



10,1 km.



Dificultade  
Baixa

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:  
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:  
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO  
FORMA-t**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605